



**PROGRAMA DE DESENVOLVIMENTO
RURAL**

GDR – 6

Carpeta - I

INDICE

I - PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO

1.- ANÁLISE E DIAGNÓSTICO

- 1.1.- DELIMITACIÓN TERRITORIAL E MEDIO NATURAL.
 - 1.1.1.- Situación xeográfica.
 - 1.1.2.- Análise municipal das relacións internas.
 - 1.1.3.- Análise do medio natural.
- 1.2.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.
 - 1.2.1.- Volume e distribución espacial da poboación.
 - 1.2.2.- Evolución da poboación.
 - 1.2.3.- Estrutura demográfica.
 - 1.2.4.- Nivel de instrución.
 - 1.2.5.- Indicadores de calidade de vida:
 - *Indicadores municipais da renda.*
 - *Aspectos relacionados coas dotacións de vivenda.*
 - *Equipamentos de uso público existentes.*
 - 1.2.6.- Tecido asociativo.
 - 1.2.7.- Elementos culturais propios do territorio.
- 1.3.- MERCADO DE TRABALLO.
- 1.4.- ANÁLISE SECTORIAL.

2.- DETERMINACIÓN DE ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES.

3.- OBXECTIVOS.

- 3.1.- IDENTIFICACIÓN DA ESTRATEXIA DO GDR SETE CASTROS.
- 3.2.- OBXECTIVOS FINAIS.
- 3.3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN.

- 4.1.- DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL.
- 4.2.- MELLORA MEDIOAMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL.
- 4.3.- DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA.

5.- INDICADORES.

6.- COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS.

II - PLAN DE COOPERACIÓN.

III - NORMAS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA.

- 1.- CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS.**
- 2.- MECANISMOS QUE GARANTAN OS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA.**
- 3.- EQUIPO XESTOR.**
- 4.- SEDE**
- 5.- PLAN DE DIFUSIÓN.**

IV - PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO GDR Nº 6 “OS SETE CASTROS”.



Os Sete Castros

I

PROGRAMA DE DESENVOLVIMENTO

1.- ANÁLISE E DIAGNÓSTICO

1.1.- DELIMITACIÓN TERRITORIAL E MEDIO NATURAL:

1.1.1- Situación xeográfica:

A comarca de Sarria está situada no sur da provincia de Lugo e participa das principais características socioeconómicas da provincia e da Galicia interior, cun menor dinamismo económico que as provincias da Coruña e Pontevedra e especialmente do eixe Vigo-Coruña. Ten unha superficie de 836 Km², nos que viven 25.279 persoas (datos ano 2007) que se reparten administrativamente en 7 concellos (O Incio, Láncara, O Páramo, Paradela, Samos, Sarria e Triacastela), sendo a cabeceira de comarca Sarria. Son un total de 171 parroquias e 917 núcleos de poboación (entendendo como núcleos grupos de 10 ou máis casas e/ou máis de 50 habitantes).

Limita ó norte con Lugo e Corgo, ó sur Monforte de Lemos, ó leste con Portomarín, Saviñao e Bóveda e ó oeste con Courel e Ancares.



Sarria é o centro aglutinador de case todos os servizos administrativos e das actividades económicas, aínda que todos os concellos teñen vinculacións funcionais con Lugo. Por outra banda, as parroquias dos concellos de Paradela e O Incio, máis próximas ó val de Lemos, vincúlanse máis a Monforte de Lemos.

1.1.2.- Análise municipal das relacións internas.

- **Incio.**
Está situado ó sur da comarca de Sarria, facendo de ponte entre a Serra do Courel e a depresión de Monforte. Historicamente, este concello vincúlase con Sarria a todos os efectos, aínda que existe certa relación, de tipo económico, con Monforte de Lemos.
- **Láncara.**
Láncara forma parte da unidade natural que é a depresión terciaria de Sarria. As súas interrelacións, tanto económicas como administrativas, están orientadas cara a Sarria, principal centro aglutinador da comarca.
- **Paradela.**
Paradela pertenceu a varias xurisdicións e a varios partidos xudiciais. En 1988 volveu ó de Sarria, ó que pertence na actualidade. No referente as relacións funcionais, a maioría das relacións funcionais centralízanse en Sarria.
- **Páramo.**
Está situado entre o val do Miño e a marxe da depresión de Sarria. Na orixe da división en partidos xudiciais pertenceu ó de Lugo, pero de seguida pasou ó de Sarria, onde se atopa actualmente. Como para o resto de concellos desta comarca, Sarria é o referente administrativo e económico, aínda que ten vinculacións comerciais con Lugo, capital da provincia, de situación case equidistante con Sarria.
- **Samos.**
Antiga xurisdición, chegou a ser cabeceira de xulgado. Na actualidade pertence ó partido xudicial de Sarria, así como á súa área comercial e de servizos.
- **Sarria.**
Centro principal da comarca, tanto histórico, como funcional e xeográfico, é cabeceira de partido xudicial e sede de case todos os servizos administrativos. Tamén é o centro dunha importante área de mercado, que irradia a súa influencia a todos os concellos que conforman a Comarca de Sarria.
- **Triacastela.**
O seu concello corresponde á antiga xurisdición do mesmo nome. Dende sempre Triacastela estivo vinculado a Sarria, todos os indicadores económicos e administrativos diríxena cara a Sarria que, como xa queda dito, é o referente indiscutible da comarca.

1.1.3.- Análise do medio natural.

No sector centroriental da provincia de Lugo destaca un amplo val que, en realidade, corresponde a unha depresión.

Neste dispositivo topográfico instalouse unha rede hidrográfica moi ramificada que, dende a orla montañosa que o rodea, conflúe nunha canle central: o río Sarria.

A unidade natural está ben marcada, porque o espazo formado polo fondo da depresión e os rebordes montañosos circundantes corresponde ós sete concellos. Dende as alturas das serras de Oribio e Lóuzara, descéndese até o val do Miño, ó que se abren os concellos do Páramo e Láncara, sendo o Miño e o seu afluente, o Neira, os límites naturais da comarca.

No relativo ó medio natural, destácanse os hábitats catalogados con algún **nivel de protección especial**:

- Espazos declarados como **Rede Natura 2000**, afectan ós concellos de:
 - Incio (9,75% da superficie do concello).
 - Triacastela (33,73% da superficie do concello).
 - Samos (57,26% do concello).
- **Espazo Natural de Interese Local (ENIL)**, no Concello de Paradela.
- Espazos declarados con distintos niveis de protección dentro dos **plans xerais de ordenación municipal**.
- As **zonas protexidas por ordenanzas municipais**, que basicamente teñen que ver cos cultivos forestais e as distancias mínimas ós núcleos e fincas colindantes.

Os concellos da comarca están clasificados como “zonas de montaña”, coa excepción de Sarria e O Páramo que se clasifican como “zonas desfavorecidas”.

A comarca ten un alto valor paisaxístico, xa que abrange un bo grao de conservación de hábitats con especies autóctonas e se pode gozar desta tradicional paisaxe galega en mosaico.


Se realizamos unha análise dos **principais recursos naturais**, debemos citar os **montes** como: o Oribio, que é o mais alto da comarca, A Meda, A Trapa, Monte do Páramo, Monte Maior, Monte Novo e Monte Alvaredo... ; **nos ríos**, atopámonos: o Sarria, o Miño, o Neira, o Sil, o Loio, o Cabe, o Mao....

1.2.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.


1.2.1.- Volume e distribución espacial da poboación.

Poboación ano 2007

Comarca	25.279	100 %
Incio	2.185	8,64 %
Láncara	3.083	12,20 %
Paradela	2.240	8,86 %
O Páramo	1.770	7,00 %
Samos	1.768	6,99 %
Sarria	13.422	53,10 %
Triacastela	811	3,21 %



	Número de Parroquias	Número de núcleos
Incio	28	125
Láncara	26	150
Paradela	18	141
O Páramo	18	98
Samos	24	111
Sarria	49	263
Triacastela	8	29
Total	171	917




A comarca de Sarria ten unha poboación de 25.279 persoas en 836 Km², sendo así a súa densidade de 30,24 hb/Km²

A poboación concéntrase en máis do 50% na capitalidade do municipio e o resto repártese case proporcionalmente no resto da comarca, sendo Lãncara o máis grande e Triacastela o máis pequeno. É necesario destacar a ampla dispersión xeográfica, 917 núcleos para 25.279 persoas, este é un punto importante á hora de definir calquera proxecto.

Os núcleos urbanos que forman a comarca son: no municipio de Sarria (Sarria e Oural), no municipio de Lãncara (Pobra de San Xiao), no municipio de Paradela (Paradela e Mosteirovello), en Samos (Samos), en Triacastela (Triacastela) e no Incio (Cruz do Incio).



1.2.2.- Evolución da poboación.



A tendencia xeral da evolución da poboación, dende o ano 1991, é de alarmante descenso, o saldo vexetativo comarcal no ano 2007 foi de (-249) persoas.

A cabeceira comarcal compórtase de forma diferente ó resto de concellos, en Sarria observamos un tímido aumento poboacional que non é suficiente para compensar a perda do resto de concellos. Esta tendencia explícase polo seu maior dinamismo económico que provoca un pólo de atracción da poboación rural e tamén da considerable chegada de inmigrantes. A poboación estranxeira no ano 2007 era de 504 persoas a nivel comarcal e delas viven en Sarria un total de 371 persoas.

Se analizamos a evolución do saldo vexetativo é negativo en todo o período 1991-2007, vemos que nos anos 1996, 1998, 2001 e 2005 este é máis pronunciado. Destaca no concello de Sarria cunha redución do mesmo nos últimos anos.



Movemento migratorio da poboación							
Comarca	Total	Saldo Interno	Intraprovincial	Co resto de Galicia	Saldo Externo	Co resto de España	Co estranxeiro
1990	- 118	...	...	...	...	...	...
1991	16	...	...	...	...	...	...
1992	17	-57	-37	-20	74	9	65
1993	64	-34	-14	-20	98	46	52
1994	-6	-60	-33	-27	54	19	35
1995	70	-15	-9	-6	85	39	46
1996	-36	-61	-62	1	25	4	21
1997	4	-84	-77	-7	88	53	35
1998	58	-2	4	-6	60	18	42
1999	76	-5	29	-34	81	28	53
2000	-10	-70	-65	-5	60	-8	68
2001	55	-7	-15	8	62	1	61

FONTE: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE. No saldo migratorio co exterior, para os anos anteriores ao 2002, so se inclúen as inmigracións. A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.(..) Dato non dispoñible. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística


Observando a táboa anterior, cabe destacar o incremento da poboación inmigrante coa tendencia do ano 90 que era emigratoria. A maior parte da inmigración é estranxeira, producíndose un incremento de máis do dobre dende o ano 1992 ata o 2006.

	INCIO			LÁNCARA			PARADELA			PÁRAMO			SAMOS			SARRIA			TRIACASTELA		
	Tot.	S.I.	S.E.	Tot.	S.I.	S.E.	Tot.	S.I.	S.E.	Tot.	S.I.	S.E.	Tot.	S.I.	S.E.	Tot.	S.I.	S.E.	Tot.	S.I.	S.E.
1990	-32	..	..	-45	..	..	-27	..	..	-11	..	..	-19	..	..	13	..	..	3	..	..
1991	-13	..	..	-13	..	..	-4	..	..	-7	..	..	0	..	..	59	..	..	-6	..	..
1992	-33	-30	-3	1	-6	7	-25	-16	-9	-17	-15	-2	1	-4	5	85	12	73	5	2	3
1993	4	-1	5	22	4	18	-10	-13	3	4	2	2	0	-7	7	39	-20	59	5	1	4
1994	-21	-20	-1	-6	-12	6	6	-3	9	-3	-2	-1	-6	-4	-2	29	-10	39	-5	-9	4
1995	14	2	12	-14	-19	5	-3	-10	7	0	-3	3	4	-5	9	69	21	48	0	-1	1
1996	12	4	8	-6	-9	3	-3	-5	2	-15	-15	0	-6	-7	1	-12	-22	10	-6	-7	1
1997	-11	-9	-2	-10	-19	9	-9	-14	5	-18	-18	0	5	-2	7	51	-19	70	-4	-3	-1
1998	-30	-23	-7	7	-3	10	-15	-15	0	16	11	5	-16	-16	0	105	60	45	-9	-16	7
1999	-15	-4	-11	15	-4	19	-7	-4	-3	44	29	15	-10	-15	5	43	-6	49	6	-1	7
2000	-8	-20	12	-26	-19	-7	-23	-26	3	-10	-14	4	-14	-21	7	86	43	43	-15	-13	-2
2001	-9	-13	4	8	6	2	-22	-20	-2	11	5	6	-16	-17	1	101	47	54	-18	-15	-3
2002	10	-4	14	-29	-23	-6	-26	-23	-3	-13	-21	8	-27	-31	4	159	49	110	-11	-6	-5
2003	0	5	-5	1	2	-1	-19	-16	-3	22	9	13	-40	-32	-8	60	4	56	-2	-9	7
2004	-12	-16	4	-20	-34	14	-18	-24	6	-2	-8	6	-19	-14	-5	64	-1	65	-7	-4	-3
2005	-22	-21	-1	5	-17	22	-21	-29	8	-23	-29	6	-32	-35	3	248	106	142	9	4	5
2006	-16	-7	-9	76	62	14	-24	-23	-1	-22	-16	-6	-22	-34	12	208	38	170	-6	-7	1

FONTE: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE. No saldo migratorio co exterior, para os anos anteriores ó 2002, so se inclúen as inmigracións. A partir do ano 2006, na emigración ó estranxeiro inclúense as baixas por caducidade. (..) Dato non disponible – S.I. SALDO INTERNO, S.E. SALDO EXTERNO.

1.2.3.- Estrutura demográfica.

Comarca: poboación segundo grandes grupos de idade							
	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64	% menos de 16	% 16-64	% Máis de 64
1998	26.824	3.138	16.252	7.434	11,70%	60,59%	27,71%
1999	26.682	3.024	16.114	7.547	11,33%	60,39%	28,28%
2000	26.578	2.876	16.066	7.636	10,82%	60,45%	28,73%
2001	26.427	2.773	15.920	7.734	10,49%	60,24%	29,27%
2002	26.175	2.616	15.814	7.745	9,99%	60,42%	29,59%
2003	25.881	2.521	15.606	7.754	9,74%	60,30%	29,96%
2004	25.683	2.449	15.525	7.709	9,54%	60,45%	30,02%
2005	25.485	2.356	15.511	7.618	9,24%	60,86%	29,89%
2006	25.406	2.324	15.479	7.603	9,19%	61,23%	30,08%
2007	25.279	2.279	15.368	7.632	9,02%	60,79%	30,19%



No gráfico anterior, vemos que os maiores de 64 anos máis que triplican ó grupo de persoas de menos de 16 anos. Se analizamos os datos por concellos, destaca o alto envellecemento da poboación e o descenso da mesma, pois datos comarcais ocultan unha compensación que se produce entre a capital comarcal e o resto de municipios.

A **evolución temporal da poboación** tivo unha tendencia descendente, pasando de 26.824 habitantes no ano 1998 a 25.279 habitantes no ano 2007.

Segundo o grupo de idade, prodúcese distintas tendencias: nos menores de 16 anos a diminución é de 85,9 persoas/ano, mentres que no grupo de máis de 64 anos aumentan unha media de 19,8 anos.

Comarca: poboación segundo o sexo						
	Total	Homes	Mulleres	Total (%)	Homes (%)	Mulleres (%)
1998	26.824	13.388	13.436	100 %	49,91 %	50,09 %
1999	26.682	13.257	13.425	99,47 %	49,69 %	50,31 %
2000	26.578	13.193	13.385	99,08 %	49,64 %	50,35 %
2001	26.427	13.128	13.299	98,52 %	49,68 %	50,32 %
2002	26.175	12.983	13.192	97,58 %	49, 60 %	50,40 %
2003	25.881	12.850	13.031	96,48 %	49,65 %	50,35 %
2004	25.683	12.773	12.910	95,75 %	49,73 %	50,27 %
2005	25.485	12.656	12.829	95,01 %	49,66 %	50,35 %
2006	25.406	12.580	12.826	94,71 %	49,52 %	50,48 %
2007	25.279	12.524	12.755	94,24 %	49,54 %	50,45 %

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Analizando **por sexo**, non se observa unha diferenza significativa entre o número de homes e mulleres.


1.2.4.- Nivel de instrución.

No referente ó **nivel de estudos**, podemos ver que a maior nivel de estudos, as mulleres superan ós homes. Pero a distribución non é igualitaria entre as materias, as mulleres estudan maioritariamente maxisterio e servizos sociais, mentres que os homes estudan carreiras técnicas.

Comarca: Poboación de 16 anos en vivendas familiares segundo o sexo e o nivel de estudos. Ano 2001

	Total	Homes	Mulleres
Total	22.999	11.364	11.635
Non saber ler ou escribir	334	117	217
Menos de 5 anos de escolarización	6.697	3.083	3.059
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	6.377	3.318	3.059
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	4.867	2.744	2.123
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	1.963	898	1.065
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	551	305	246
FP II, FP grao superior, Mestría industrial	842	385	457
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería	798	270	528
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	539	229	310
Doutoramento	31	15	16


Fonte: INE. Censo de poboación e vivendas 2001. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.
I.G.E. - Instituto Galego de Estatística



Comarca: Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo e o tipo de estudos. Ano 2001

	Homes	Mulleres
Dereito	40	49
Maxisterio, Educación infantil	91	265
Ciencias Sociais	208	397
Artes e Humanidades	50	111
Informática	43	50
Enxeñerías	82	33
Formación Técnica e Industrias	440	115
Ciencias	41	57
Arquitectura ou Construción	17	9
Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria	63	26
Saúde, Servizos Sociais	67	376
Outros servizos	62	69


Fonte: I:N:E.Censos de poboación e vivendas 2001. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE



Na última década, o **grao de analfabetismo** diminuíu considerablemente.

Taxa de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos					
1991			2001		
Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2,2	1,6	2,9	1,5	1	1,9

Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística INE. Censos de poboación e vivendas 1991, 2001. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE




1.2.5.- Indicadores de calidade de vida.

o Indicadores municipais da renda.

No indicador municipal da renda dos fogares a comarca está por debaixo da media galega e só nos concellos de Sarria e Triacastela está por encima da media.

Indicador municipal da renda dos fogares			
Ano 2002	Renda dispoñible bruta (euros por habitante)	Número de orden	IMRF
O Incio	8.033	169	88
Láncara	7.993	176	88
Paradela	7.718	212	85
O Páramo	7.506	229	82
Samos	7.793	202	85
Sarria	8.867	58	97
Triacastela	9.633	24	106

Fonte: IGE. Indicador municipal da renda dos fogares. Ano 2002. IMRF: Galicia = 100. Num orden 1 a 315



No referente ó nivel de rendas, no seu conxunto, cabe destacar que son baixas.

O seguinte cadro amosa sobre a distinta procedencia das rendas por concellos.

Ano 2002	Recursos				Empregos		
	Excedente de explotación bruto / Renda mixta	Remuneración dos asalariados	Prestacións sociais	Outros recursos	Impostos renda e patrimonio	Cotizacións sociais	Renda dispoñible
O Incio							
euros por habitante	2.845	2.944	2.918	597	285	986	8.033
miles de euros	6.936	7.178	7.114	1.456	695	2.403	19.586
Láncara							
euros por habitante	3.718	2.825	2.449	322	262	1.059	7.993
miles de euros	11.873	9.021	7.821	1.028	836	3.382	25.525
Paradela							
euros por habitante	3.917	2.244	2.252	457	212	940	7.718
miles de euros	9.843	5.639	5.660	1.148	532	2.363	19.395
O Páramo							
euros por habitante	3.482	2.519	2.521	179	234	961	7.506
miles de euros	6.648	4.808	4.812	341	447	1.835	14.327
Samos							
euros por habitante	3.498	2.515	2.650	276	190	956	7.793
miles de euros	7.174	5.159	5.436	566	390	1.961	15.984
Sarria							
euros por habitante	3.439	4.865	2.092	551	553	1.527	8.867
miles de euros	45.095	63.790	27.432	7.222	7.256	20.028	116.255
Triacastela							
euros por habitante	4.184	2.293	2.627	1.740	224	987	9.633
miles de euros	3.611	1.979	2.267	1.502	193	852	8.314
Lugo (provincia)							
euros por habitante	3.016	5.307	2.423	462	620	1.592	8.996
miles de euros	1.086.437	1.911.777	872.809	166.513	223.507	573.577	3.240.452
Galicia							
euros por habitante	2.504	6.633	2.071	580	800	1.871	9.177
miles de euros	6.851.068	18.151.038	5.666.244	1.585.896	2.188.753	5.118.844	24.946.649

Fonte: Conta de renda dos fogares. Base 2000. IGE. Indicador municipal da renda dos fogares. Anos 2000 e 2001 definitivos, 2002 provisional. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

o Aspectos relacionados coas dotacións de vivenda.

A vivenda é un ben básico que determina boa parte da calidade de vida dos cidadáns. Ten experimentado unha importante mellora no que respecta a súa calidade, que se reflicte no feito de que certos equipamentos que constituían un privilexio para determinados grupos pasasen a ser considerados como básicos en calquera vivenda. Así case desapareceron os fogares que carecen de baño ou ducha dentro da vivenda, auga quente e destaca a redución significativa dos fogares que carecen de calefacción fixa, teléfono.... Pero detéctanse fogares que manifestan ter moitos problemas internos nas súas vivendas, entre os que destacan, sen lugar a dúbidas a existencia de humidades, deficiente illamento térmico ou acústico....

Podemos observar na seguinte táboa os problemas da vivenda e o entorno, que son dispares segundo a zona da comarca analizada.

Vivendas familiares principais segundo os problemas da vivenda e o entorno Ano 2001								
	Comarca	Incio	Láncara	Paradela	Páramo	Samos	Sarria	Triacastela
Total vivendas	8.369	873	984	715	546	672	4.319	260
Ruídos exteriores	701	13	104	1	2	13	553	15
Contaminación	1.002	8	291	3	3	140	543	14
Pouca limpeza nas rúas	2.205	43	258	36	3	332	1.323	210
Malas comunicacións	1.540	52	426	12	2	185	795	68
Poucas zonas verdes	1.940	0	742	3	2	3	1.180	10
Delincuencia ou vandalismo na zona	267	2	133	0	0	0	129	3
Falta de servizos de aseo na vivenda	370	23	32	65	56	47	132	15

Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística. INE. Censos de poboación e vivendas 2001. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

Segundo o **número de residentes por vivenda** podemos observar que o número delas nas que vive unha soa persoa son o 26,91% no Incio, o 24,23% en Triacastela, en Samos o 23,06%, Sarria o 21,14%, Láncara o 18,90%, Paradela o 16,64% e O Páramo con un 15,93%. Estes datos poden resultar preocupantes se temos en conta que a poboación é altamente envellecida e moitas destas persoas son de idade elevada, ademais as casas de contornos rurais tradicionais están deseñadas para acoller unha familia de tipo interxeracional, polo que habitualmente son casas grandes que non están pensadas para a vida dunha soa persoa.

Vivendas familiares principais segundo os problemas da vivenda e o entorno. Ano 2001							
	O Incio	Láncara	Paradela	O Páramo	Samos	Sarria	Triacastela
Total vivendas	873	984	715	546	672	4.319	260
1 residente	235	186	119	87	155	913	63
2 residente	231	215	128	104	171	979	43
3 residente	157	199	125	108	104	981	43
4 residente	117	138	110	81	96	755	33
5 residente	64	125	118	84	63	397	37
6 residente	69	121	115	82	83	294	41
Tamaño medio do fogar	2,8	3,2	3,6	3,5	3	2,9	3,4

Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística. INE. Censos de poboación e vivendas 2001. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

Outro dato moi significativo e característico do territorio é o gran número de **vivendas baleiras** que existen, son un total de 2.240 vivendas en toda a comarca (datos do ano 2001)

	O Incio	Láncara	Paradela	O Páramo	Samos	Sarria	Triacastela
Vivendas familiares	998	1.363	881	731	838	6.889	399
Vivendas principais	873	984	715	546	672	4.319	260
Vivendas secundarias	117	161	62	135	129	759	102
Vivendas baleiras	8	218	103	50	33	1.791	37
Edificios	1.025	1.301	913	756	885	3.605	406
Locais	67	122	123	53	112	1.137	56
6 residente	69	121	115	82	83	294	41
Tamaño medio do fogar	2,8	3,2	3,6	3,5	3	2,9	3,4

Fonte: IGE, INE

No que respecta á vivenda, hai que destacar a **diferenza que existe entre a vivenda do ámbito rural e a do ámbito urbano**. Son diferentes tanto nos materiais construtivos, como nas súas dimensións, equipamentos e necesidades. As vivendas rurais teñen polo xeral unha antigüidade superior e a súa distribución espacial é diferente, con espazos moi amplos, o que dificulta a súa rehabilitación e o mantemento de servizos como a calefacción.

o Equipamentos de uso público existentes.

Os equipamentos públicos son outros dos elementos a ter en conta, xunto coa vivenda, para dotar de calidade de vida á poboación dun territorio, na seguinte táboa descríbense os equipamentos a nivel municipal. Para poder realizar unha análise máis exhaustiva habería que estudar os ratios de poboación/equipamento e realizar comparativas con outros territorios, pero a nivel intuitivo podemos afirmar que os centros asistenciais para a terceira idade e diminuídos son insuficientes, non só os residenciais, senón tamén centros de día, centros especializados en atención de enfermidades como o alceime, centros de recursos....

	Incio	Láncara	Paradela	Páramo	Samos	Sarria	Triacastela
Poboamento INE Nº	125	150	141	98	111	263	29
Poboamentos (EIEL 2005)* Poboamentos enquisados							
NºPoboación 2004	39	37	25	26	33	71	14
Hab. Enquisados/Hab.	1.702	1.844	1.049	1.018	1.146	10.810	657
Totais (%)	62,53	53,37	36,59	50,45	51,12	83,01	67,73
Abastecementos (EIEL 2005)* Poboamentos servizo auga							
Con servizo suficiente (SF)	20	12	2	11	9	13	9
Con servizo insuficiente (IN)	0	1	0	0	1	0	0
Sen servizo(NO)	19	24	23	15	23	58	5
Poboación conectada á rede	1.025	887	240	418	676	8.602	417
Poboación non conectada á rede	677	957	809	600	470	2.208	240
Saneamento (EIEL 2005)*							
Con servizo	6	4	3	6	1	7	1
Sen servizo	33	33	22	20	32	64	13
Poboación conectada á rede	338	621	317	173	176	8.239	118
Poboación non conectada á rede	1.364	1.223	732	845	970	2.571	539
Depuración	6	4	3	6	1	7	1
NºPoboación	338	621	317	173	176	8.239	118
Sen depuración	33	33	22	20	32	4	13
NºPoboación	1.364	1.223	732	845	970	2.571	539
Alumeado público (EIEL 2005)*							
Sen alumeado	0	0	0	0	1	0	0
Puntos de luz Públicos	825	580	497	354	574	2.177	327
Nº Potencia (KW)	103,125	48,075	63,23	53,1	73,615	297,615	40,875
Recollida de lixo (EIEL 2005)*							
Sen recollida de lixo Nº	0	2	0	0	0	0	0
Contedores de lixo** Nº	346	184	120	74	237	735	129

Fonte: Enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais elaborada pola Deputación de Lugo. A poboación que se considera non conectada á rede, pode deberse a que non se conecta por vontade propia á rede municipal (Non conectada), por dificultades físicas de conexión (Deficitaria: Regatos, Vagoadas...) ou por ter abastecemento autónomo (Rede de abastecemento autónomo).A E.I.E.L. describe que unha vivenda se considera deficitaria se posúe unha rede de abastecemento autónomo adecuada e que polas condicións físicas da vivenda non permite conectarse á rede municipal.

*Datos referidos a poboamentos enquisados na EIEL 2005

**Datos facilitados polos Concellos ou as empresas de recollida de lixo.

Centros de emerxencias en Incio

Tipo	Protección civil	Extinción de lumes	Cruz vermella	Protección civil	Carroceta de lumes
Número Nº de profesionais Nº de voluntarios Superficie total (m ²)	1 0 8 847				
Observacións	Nissan				

Centros de emerxencias en Láncara

Tipo	Protección civil	Extinción de lumes	Cruz vermella	Protección civil	Carroceta de lumes
Número Nº de profesionais Nº de voluntarios Superficie total (m ²)		7 0 30			
Observacións		Só 3 meses no verán			

Centros de emerxencias en Paradela

Tipo	Protección civil	Extinción de lumes	Cruz vermella	Protección civil	Carroceta de lumes
Número Nº de profesionais Nº de voluntarios Superficie total (m ²)		1 154			
Observacións		Planta baixa de Cámara agraria			

Centros de emerxencias en O Páramo

Tipo	Protección civil	Extinción de lumes	Cruz vermella	Protección civil	Carroceta de lumes
Número		1			
Nº de profesionais		12			
Nº de voluntarios		0			
Superficie total (m ²)		10			
Observacións		Sen instalación En verán			

Centros de emerxencias en Samos

Tipo	Protección civil	Extinción de lumes	Cruz vermella	Protección civil	Carroceta de lumes
Número		1			
Nº de profesionais		0			
Nº de voluntarios		3			
Superficie total (m ²)		279			
Observacións		Carroceta			

Centros de emerxencias en Sarria

Tipo	Protección civil	Extinción de lumes	Cruz vermella	Protección civil	Carroceta de lumes
Número			1	2	3
Nº de profesionais			1	0	2
Nº de voluntarios			6	11	0
Superficie total (m ²)			124	0	390
Observacións					

Centros de emerxencias en Triacastela

Tipo	Protección civil	Extinción de lumes	Cruz vermella	Protección civil	Carroceta de lumes
Número Nº de profesionais Nº de voluntarios Superficie total (m ²)					
Observacións					

Fonte: ENQUISA SOBRE INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTOS LOCAIS elaborada pola Deputación Provincial de Lugo.

* Datos referidos a Poboamentos enquisados na EIEL 2005.

*** Os datos da superficie reflectadas refírense á superficie baixo cuberta.

Equipamentos (EIEL 2005)*							
Datos básicos dos equipamentos municipais:	Incio	Láncara	Paradela	Páramo	Samos	Sarria	Triacastela
Centros Asistenciais							
Número	1	2	0	0	2	4	0
Superficie (m ²)***	2.800	12.858	-	-	1.293	9.800	-
Centros culturais e de esporexemento							
Número	11	10	6	6	11	24	3
Superficie (m ²)***	1.505	1.433	1.564	1.219	2.553	5.141	835
Centros de emerxencia							
Número	1	1	1	1	1	3	0
Superficie (m ²)***	847	30	154	10	279	748	-
Centros de ensinanza							
Número	1	2	1	1	1	8	1
Superficie (m ²)***	1.461	3.308	2.276	2.854	1.802	32.070	1.498
Centros sanitarios							
Número	1	1	1	1	1	2	1
Superficie (m ²)***	346	344	489	424	326	1.300	198
Establecementos colectivos							
	0	0	0	0	0	3	0
Tipo	-	-	-	-	-	Casa Cuartel Garda Civil	-
Instalacións deportivas							
Número	7	6	4	4	3	18	1
Superficie (m ²)***	16.887	14.601	16.956	14.453	3.165	91.424	1.500
Matadoiros							
Número	0	0	0	0	0	1	0
Superficie (m ²)***	-	-	-	-	-	605	-
Mercados, lonxas e recintos de feira							
Número	0	0	3	1	0	2	1
Superficie (m ²)***	-	-	25.628	38.722	-	27.252	1.350
Tanatorios							
Número	1	2	1	0	0	2	-
Superficie (m ²)***	150	808	150	-	-	1.570	-
Parques, xardíns e áreas naturais							
Número	6	8	7	2	14	17	-
Superficie (m ²)***	9.822	23.614	48.249	1.027	23.780	49.840	18.086
Cemiterios							
Número	29	29	18	18	28	50	-
Superficie (m ²)***	5.627	20.294	7.560	8.447	4.954	25.812	1.949
Saturación media (%)	69,48	82,59	61,72	60,83	58,68	74,78	62,86

Fonte: ENQUISA SOBRE INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTOS LOCAIS elaborada pola Deputación Provincial de Lugo.

* Datos referidos a Poboamentos enquisados na EIEL 2005 *** Os datos da superficie reflectada refírense á superficie baixo cuberta

Outro dos equipamentos públicos indispensables son **as infraestruturas de comunicación.**

A Comarca de Sarria conta cunha estrutura baseada na rede de estradas e o ferrocarril.

REDE DE ESTRADAS COMARCAIS. A Comarca de Sarria é atravesada por dúas estradas de certa relevancia e outras moitas secundarias.

LU-546, atravesa a comarca de norte a sur con orixe en Nadela e remate en Monforte de Lemos unindo a A-6 coa Nacional 120, cunha lonxitude de 24 Km. Cunha densidade importante de tráfico que na actualidade se está transformando en Vía de Alta Capacidade. Esta vía aféctalle ós concellos de Láncara, O Páramo, Sarria e O Incio.

LU-633, atravesa a comarca de leste a oeste con orixe en Pedrafita e remate en Ventas de Narón, esta vía na actualidade serve de comunicación ó Camiño de Santiago, ten unha lonxitude de 35 km e aféctalle ós concellos de Paradela, Sarria, Samos e Triacastela.

LU-636, complemento da LU-633, une as localidades de Sarria e Becerreá, cunha lonxitude de 20 km, antes este tramo era da LU-633 e aféctalle ós concellos de Sarria e Láncara.

Existe unha rede importante de estradas secundarias pero con bastante capacidade e bo estado, que afectan ós concellos de O Incio e O Páramo. Referente ó concello de O Incio está comunicado polas LU-644 que une a LU-546 con orixe en Rubián e remate en Cruz do Incio que se xunta ca LU-643 con orixe en Bóveda. Cara o oeste temos a LU-641 que une a LU-633 no concello de Samos ca Cruz do Incio e para rematar a LU-642 que parte da LU-546 ata a Ferrería do Incio. Referente O Páramo temos dúas vías importantes: a PR43-04 que vai de Láncara a Portomarín atravesando o concello de leste a oeste e que dá servizo ós núcleos rurais máis importantes, unida a esta en Torre temos a PR28-04 que vai cara ó norte e une ca capital da provincia.

FERROCARRIL. Existe unha vía de ferrocarril que atravesa a comarca de norte a sur con orixe en Lugo e remate en Monforte de Lemos. Na actualidade non ten a importancia que tivo en tempos pasados quedando como estacións que prestan servizo a de Sarria para viaxeiros, a de Oural para mercadorías -sobre todo cemento- e os apeadeiros de Céltigos, no concello de Sarria e Pobra de San Xiao no concello de Láncara.

1.2.6.- Tecido asociativo.

No que respecta ó sector asociativo hai que diferenciar as seguintes áreas:

- As asociacións profesionais ou produtivas como cooperativas, SAT, sociedades de responsabilidade limitada.... Este tipo de agrupacións non están moi implantadas no territorio e probablemente haxa que explorar neste eido aspectos como mellora da comercialización, agrupacións para a adquisicións de inputs e mesmo a profesionalización de moitas pequenas empresas familiares, que ata o de agora, son persoas físicas que para dar o salto a profesionalización e garantir a pervivencia da mesma, en máis dunha xeración, deberán dar o salto á converterse en persoas xurídicas.
- Existe outro grupo de asociacións que artellan a poboación civil en torno ós seus intereses ou afeccións como p.ex. as culturais, recreativas, de artesanía, de

patrimonio.... Neste grupo produciuse un importante aumento nos últimos anos tanto de asociacións como de actividades. Ademais hai un fenómeno moi interesante que ten que ver cunha certa percepción social de que este tipo de agrupacións poden responder mellor ás inquietudes dos cidadáns que a administración e cós políticos.

Na seguinte táboa pódese observar a variedade de asociacións que existen na comarca.

	Incio	Láncara	Páramo	Paradela	Samos	Sarria	Triacastela
S.A.T.	1	-	3	4	1	-	-
ADS	-	1	1	1	-	2	-
Cooperativas	1	1	3	3	1	10	2
Sindicatos	-	-	-	-	-	3	-
Comunidades montes	77	34	6	8	34	19	12
Asoc. mulleres	1	2	1	-	1	2	1
Asoc. xuvenís	1	-	-	1	-	5	-
Asoc. deportivas	6	2	4	6	5	4	3
Asoc. culturais	10	5	4	3	8	30	2
Asoc. veciños	8	3	10	13	8	46	1
Asoc. Turismo e hostalería	-	-	-	-	2	5	1
Asoc. empresarios	-	1	1	1	2	8	-
Outras	1	2	7	2	3	30	2

Outra das conclusións que se pode tirar da táboa anterior é que o grao de participación da sociedade civil no GDR 6 é moi alto, a tenor da análise da totalidade de asociacións existentes.

1.2.7.- Elementos culturais propios do territorio.

A comarca de Sarria presenta unha grande e variada riqueza patrimonial e arquitectónica, entre as que destacan:

- **Mosteiro da Magdalena** (claustro e igrexa), século XIII.
- **Torre da fortaleza** dos marqueses de Sarria
- **Igrexa gótica do Salvador de Sarria**
- **4 pontes medievais** na vila
- **A ponte de Neira**, no Páramo

- Na comarca hai ata sesenta **igrexas románicas** entre as máis de 180 parroquias que a compoñen, entre as que destaca Barbadelo (Monumento nacional)
- Na comarca hai outros tres **monumentos nacionais**:
 - Real Abadía Beneditina de Samos (S. VI).
 - A marmórea igrexa de Hospital do Incio (Orden de Malta).
 - Igrexa gótica cisterciense de San Facundo de Ribas de Miño (Paradela), emprazada na zona da Ribeira Sacra Lucense.
- **Pezas arqueolóxicas prehistóricas** (mámoas, túmulos, castros, medorras, covas, necrópoles e sartegos), **castrexas** (Castro de Barán de Paradela), **romanas, visigodas** como p.ex. a **Necrópole de Sta. Mariña de Formigueiros**, que foi declarado recentemente Ben Interese Cultural (BIC), situada nos concellos de O Incio, Samos e Sarria.
- **Camiño Francés a Santiago**, que foi declarado Patrimonio da Humanidade.
- **Patrimonio natural**: especies autóctonas (soutos, devesas, chopos, bidueiros, salgueiros, acivro, piornos, xestas, toxos, carqueixas...), ribeira do Sil e do Miño, paisaxe en mosaico.... As rutas de sendeirismo: no río Loio, a ruta do Ferro no Incio, a ruta das aceas en Sarria....
- **Patrimonio etnográfico** moi variado, hai que destacar sobre todo aquel patrimonio relativo ás tarefas agrarias: muíños, fornos, lavadoiros, caneiros, apeiros tradicionais da matanza, da malla, da viña, da pesca das anguías, adegas, festas gastronómicas.... Este patrimonio é fundamental porque pode servir para atraer turismo ó territorio e mesmo vencellalo con outras actividades económicas complementarias.
- **Patrimonio inmaterial**, que é en gran parte descoñecido porque é oral: lendas, contos, cancións, regueifas....

Na última década proliferaron numerosos establecementos de turismo rural, enmarcados en contornos naturais de grande beleza paisaxística e que recuperaron na súa maioría pazos, casas grandes e casas de labranza singulares. Sen embargo, aínda que existen recursos turísticos numerosos e tamén unha certa oferta de aloxamento, non contamos con produtos turísticos como tales e esa é unha liña de traballo a explorar. Os primeiros pasos deberán ser realizar un inventario exhaustivo de recursos, que permita coñecer o que hai e establecer prioridade nas actuacións.

Os recursos que poden permitir crear produtos turísticos son moi numerosos, e será necesario realizar unha combinación dos mesmos xa que os visitantes, cada vez máis, buscan gozar dun conxunto de sensacións e non unicamente dun bo aloxamento ou unha boa comida.

1.3.- MERCADO DE TRABAJO.

A Comarca de Sarria dende sempre foi considerada como das mais dinámicas e emprendedoras da provincia de Lugo, en canto, a creación e implantación de industrias e desenvolvemento de outro tipo de actividades, tendo un peso moi importante a gandería e sobre todo a produción de leite debido a orografía que conta con tres vales produtivos, o de Sarria, Láncara e O Páramo. Conta tamén coa única fabrica de Cemento de Galicia, todo isto fai que o sector servizos teña un peso grande polo poder adquisitivo da poboación.


A continuación presentamos un cadro da **evolución do sector produtivo nos cinco últimos anos**.

Descrición CNAE	2003		2004		2005		2006		2007	
	A	T	A	T	A	T	A	T	A	T
Explotación de minerais metálicos	0	45	0	47	0	51	0	50	0	56
Extracción de minerais non metálicos	0	45	0	39	0	38	0	37	0	34
Construción maquinas e equipos mecánicos	5	7	5	6	5	8	5	6	4	15
Agricultura, gandería e actividades relacionadas	54	2.567	76	2.503	97	2.418	107	2.458	115	2.373
Pesca, acuicultura e serv. Relacionados	0	18	0	18	0	17	0	11	0	10
Ind. de produtos alimenticios e beb.	19	216	22	244	22	255	23	266	24	264
Industria da madeira agás mobles	26	216	27	212	26	226	32	227	34	226
Fabricación produtos minerais non metal.	9	271	6	261	6	226	8	232	8	259
Fabricación produtos metal. agás maquinas	16	75	17	90	15	117	40	148	34	195
Fabricación de mobles	42	118	46	114	48	114	55	112	57	85
Captación, depur. E captación de auga	0	25	0	28	0	30	0	32	0	25
Construción	229	597	257	495	275	501	323	560	342	624
Venda e reparación vehículos motor	55	95	57	91	59	94	74	105	73	121
Comercio por xunto agás vehículos	83	117	90	125	91	127	109	140	115	117
Comercio polo miúdo agás vehículos	250	359	274	400	306	332	337	307	162	131
Hostalaría	173	239	190	217	314	231	229	260	217	271
Transporte terrestre	161	345	174	323	193	355	212	395	215	414
Axencias de viaxes	4	6	4	6	4	7	4	6	4	9
Correos e telecomunicacións	0	0	0	0	0	0	4	0	4	0
Intermediación financeira	6	11	9	11	13	6	13	7	14	12
Actividades inmobiliarias	19	9	13	13	10	16	14	22	16	28
Outras actividades empresariais	37	71	41	68	42	71	53	98	59	100
Adm. Pública	0	155	0	135	0	110	0	105	0	111
Educación	0	35	0	36	0	37	0	37	0	35
Actividades veterinarias	0	24	0	41	0	79	0	103	4	125
Actividades asociativas	4	0	4	0	4	0	4	0	4	0
Empregados/as de fogar	0	20	0	21	0	29	0	33	0	33

Como resumo e con datos referidos ó remate do ano 2007 temos unha poboación ocupada de 7.178 persoas no total das actividades, con unha porcentaxe do **34,67 %** de ocupación en actividades agrarias e gandeiras e unha taxa de ocupación comarcal do 46,60 %.

Referido a actualidade e con datos de xullo de 2008, a comarca rexistra os seguintes datos de paro por idade sexo e actividades.

Total			Menores de 25 anos			Resto de idades		
Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
890	408	482	80	40	40	810	368	442



Total Parados	Agricultura e Gandería	Industria	Construcción	Servizos	Sen Ocupación Anterior
890	25	110	146	458	151



1.4.- ANÁLISE SECTORIAL.

Analizando as empresas da comarca **segundo a súa forma xurídica**, podemos observar que o 67% son persoas físicas, mentres que as sociedades de responsabilidade limitada representan o 25% do total e as cooperativas unicamente un 1,089%. Estas cifras amosan que na comarca predominan microempresas e empresas familiares.

Se observamos a comarca **en relación coas actividades económicas**, vemos que os servizos representan o 72,76% do total, esta cifra é a media comarcal e o resto de concellos da comarca teñen unha actividade de servizos menor. A construción representou no ano 2007 un 16% do total e a industria un 11%. Dentro dos servizos as actividades con máis número de empresas son: o comercio, a hostalería, o transporte e as actividades inmobiliarias. As actividades inmobiliarias representan un 16% dentro do sector servizos.

Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal e titularidade. Comarca Sarria

Ano 2007	Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas	Outros
Tódalas actividades	1.928	1.293	23	483	21	108
Industria, incluída a enerxía	214	105	8	82	4	15
Industrias extractivas	6	1	1	3	0	1
Industria manufactureira	205	103	7	77	4	14
Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	3	1	0	2	0	0
Construción	311	209	2	90	0	10
Construción	311	209	2	90	0	10
Servizos	1403	979	13	311	17	83
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico	508	348	3	115	14	28
Hostalería	242	186	0	35	0	21
Transporte, almacenamento e comunicacións	239	185	4	48	2	0
Intermediación financeira	29	18	0	11	0	0
Actividades inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais	226	127	3	77	1	18
Educación	25	16	0	6	0	3
N Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	36	26	1	6	0	3
O Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais	98	73	2	13	0	10

Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística. IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Nas empresas con sede social "España" inclúense as empresas que realizan actividades en Galicia e que teñen a súa sede social fóra de Galicia.

Segundo a evolución temporal, podemos observar que dende o ano 90 ata o 2007, o total de empresas foi medrando, a porcentaxe total de incremento foi do 26,59%.

Empresas segundo actividade e titularidade. Evolución						
	Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas	Outros
1999						
Tódalas actividades	1.523	1130	22	285	22	64
Industria, incluída a enerxía	198	121	8	52	6	11
Construción	210	139	2	60	0	9
Servizos	1.115	870	12	173	16	44
2000						
Tódalas actividades	1.616	1.183	23	314	23	73
Industria, incluída a enerxía	209	125	8	58	6	12
Construción	220	144	1	64	0	11
Servizos	1.187	914	14	192	17	50
2001						
Tódalas actividades	1.658	1.198	24	332	27	77
Industria, incluída a enerxía	215	124	8	61	7	15
Construción	232	158	2	63	0	9
Servizos	1.211	916	14	208	20	53
2002						
Tódalas actividades	1.667	1.190	23	350	25	79
Industria, incluída a enerxía	220	122	8	69	6	15
Construción	241	170	2	61	0	8
Servizos	1.206	898	13	220	19	56
2003						
Tódalas actividades	1.692	1.186	22	377	24	83
Industria, incluída a enerxía	216	115	8	74	5	14
Construción	245	161	2	71	0	11
Servizos	1.231	910	12	232	19	58
2004						
Tódalas actividades	1.741	1212	24	397	24	84
Industria, incluída a enerxía	218	113	9	77	5	14
Construción	259	171	2	75	0	11
Servizos	1.264	928	13	245	19	59
2006						
Tódalas actividades	1.890	1.282	24	458	22	104
Industria, incluída a enerxía	218	108	9	81	5	15
Construción	292	196	2	84	0	10
Servizos	1.380	978	13	293	17	79
2007						
Tódalas actividades	1.928	1.293	23	483	21	108
Industria, incluída a enerxía	214	105	8	82	4	15
Construción	311	209	2	90	0	10
Servizos	1.403	979	13	311	17	83

Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística. IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Nas empresas con sede social "España" inclúense as empresas que realizan actividades en Galicia e que teñen a súa sede social fóra de Galicia.

Na **evolución segundo a forma xurídica** destaca o notable incremento das sociedades de responsabilidade limitada que foi dun 69,47%. As persoas físicas incrementáronse nun 14,42% e as Cooperativas teñen neste período un comportamento irregular, pois dende o 1999 ata o ano 2002 van en aumento e a partir do ano 2003 empezan a diminuír.

A **evolución temporal segundo a actividade** mostra que os servizos incrementáronse no período un 25,8% %, a construción un 48%, mentres que a industria tan só un 8%.

Se analizamos as empresas **segundo o número de asalariados** podemos observar que o 60% non teñen ningún traballador/a e o 36% teñen entre un e nove traballadores, entre 10 e 49 traballadores son un 2,9% e máis de 50 traballadores só había catro empresas no ano 2007, o que supón o 0,20% do total. Estas catro empresas son: Cementos Cosmos, Onte, Fontecelta e Inelcom. Podemos concluír que o 96% das empresas son autoempregos e empresas familiares con menos de 9 traballadores.

Empresas por estrato de asalariados, Ano 2007 Comarca de Sarria

De 0 a 249 asalariados	1.928
De 0 a 9 asalariados	1.868
Sen asalariados	1.171
De 1 a 9 asalariados	697
De 10 a 49 asalariados	56
De 50 a 249 asalariados	4
250 e máis asalariados	0
Número de unidades locais	2.139

O SECTOR SERVIZOS NA COMARCA DE SARRIA

Dentro do sector terciario na comarca, debemos destacar a importancia dúas actividades que analizaremos por separado:

- A actividade comercial
- Os servizos turísticos: hostalería e restauración

A ACTIVIDADE COMERCIAL

Cada un dos concellos da comarca ten un núcleo urbano no que se desenvolve a maior parte do comercio, pero sen dúbidas é Sarria a que aglutina a actividade comercial da comarca. A importancia de Sarria como centro comercial e de sevizos pode observarse na alta cifra de

densidade comercial, que está por riba incluso das medias provinciais (13,98) e galega (14,49).

A actividade comercial dos concellos rurais da comarca centrase maioritariamente en establecementos non especializados. En Sarria observase unha maior especialización comercial.

Ano 2002	Incio, O	Láncara	Paradela	Páramo, O	Samos	Sarria	Triacastela
Nº establecementos	18	32	15	4	14	255	7
Densidade comercial comercio polo miúdo							
establecementos non especializados	2,85	4,02	2,74	1,04	1,93	2,53	4,54
alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	0,41	1,24	0,39	0,52	1,93	2,15	1,13
produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene	0,81	1,24	0,39	0,52	0,48	0,92	1,13
artigos novos en establecementos especializados	3,26	3,4	2,35	0	2,41	13,56	1,13
bens de segunda man, en establecementos	0	0	0	0	0	0,15	0
Reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	0	0	0	0	0	0,23	0
Non clasificados do comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	0	0	0	0	0	0	0
Total	7,33	9,89	5,88	2,08	6,75	19,54	7,94

Fonte: IGE

No ano 2004 a empresa Nortec fixo un estudio sobre o comercio sarriano encargado pola Asociación de Comerciantes de Sarria (Aces), os resultados deste estudio eran os seguintes:

-O 53% dos sarrianos realiza as súas compras de textil e calzado fóra dos comercios locais, maioritariamente en franquicias de roupa do centro histórico de Lugo. Unha pequena parte deste grupo merca en Carrefour (Lugo) ou en distintos centros comerciais da Coruña.

-En equipamento do fogar, sobre todo mobiliario, o 57% dos consumidores mercan na comarca.

-O 40% das persoas que fan as súas compras diariamente en Sarria pertencen ó casco urbano e o 60% son de parroquias do concello de Sarria ou dos concellos limítrofes.

-No que respecta á opinión dos clientes sobre o comercio a nivel global é que ofrece un bo trato e que hai un pouco de todo. Por sectores, os consumidores opinan que en alimentación e bens de uso diario a oferta é completa. En cambio, en bens ocasionais, ocio e hostalería consideran que a oferta é insuficiente.

Esta análise foi realizada no ano 2004 e desde entón, se consultamos hemeroteca periodística, podemos atopar declaracións sucesivas da asociación de comerciantes sobre diminución de vendas. Ademais hai que ter en conta un feito significativo que é posterior a esta data, a instalación dun gran centro comercial na capital lucense.

Na actividade comercial se están a producir modificacións significativas, que teñen que ver cos cambios nos hábitos de compra dos consumidores e coa alta competitividade das grandes áreas comerciais.

Ante esta situación de concentración da oferta e cambios na demanda dos consumidores, o pequeno comercio necesita adaptarse mediante a especialización e a busca de nichos de mercado todavía non copados polas grandes cadeas.

OS SERVIZOS TURÍSTICOS: HOSTELERÍA E RESTAURACIÓN

A comarca de Sarria ten un recurso turístico de importancia fundamental: o camiño francés a Santiago de Compostela, que atravesca catro dos sete concellos da Comarca. Ademais deste recurso que atrae a numerosos visitantes, a comarca conta con outros recursos, naturais e patrimoniais, importantes: o mosteiro beneditino de Samos, a necropole de Formigueiros no Incio... etc.

A situación de partida coa que contamos é a seguinte: un recurso “estrela” que é o Camiño de Santiago, numerosos outros recursos que se atopan en distinto grao de conservación, sinalización...etc. e unha actividade hosteleira e de restauración importante.

É necesario dotar a estes numerosos recursos dos equipamentos e servizos necesarios para conformar un produto turístico. E unha vez creado o “produto” haberá que ofertalo mediante a promoción e comercialización pertinente. Desta forma, a comarca terá unha “oferta turística” que deberá ser promocionada en conxunto.

Imos a analizar a actividade hosteleira e de restauración:

-Destaca a numerosa actividade hoteleira e de restauración dos concellos de Triacastela con 192 prazas, Samos con 262 prazas e Sarria con 236 prazas..

-O número de viaxeiros e excursionistas que visita a comarca é difícil de cuantificar, os últimos datos que recolle o IGE son do ano 2003, pero intuitivamente se pode afirmar que o número de visitantes foi en aumento nos últimos anos.

Maioritariamente as persoas que chegan á comarca son peregrinos a Santiago, e sí se pode constatar e cuantificar o incremento de peregrinos nos últimos anos. O perfil do peregrino é o seguinte: en canto a orixe, Alemaña, Italia e Francia emiten o 53% dos peregrinos que chegan a Santiago, en canto as motivacións para realizar a viaxe, as relixiosas foron derivando hacia razóns espirituais e culturais, en canto á forma de organizar a viaxe é pola súa conta.

Ano	Peregrinos	Año	Peregrinos	Ano	Peregrinos	Ano	Peregrinos
1970	68	1980	209	1990	4.918	2000	55.004
1971	451 (1)	1981	299	1991	7.274	2001	61.418
1972	67	1982	1.868 (1)	1992	9.764	2002	68.952
1973	37	1983	146	1993	99.436 (1)	2003	74.614
1974	108	1984	423	1994	15.863	2004	179.944 (1)
1975	74	1985	690	1995	19.821	2005	93.924
1976	243 (1)	1986	1.801	1996	23.218	2006	100.377

1977	31	1987	2.905	1997	25.179		
1978	13	1988	3.501	1998	30.126		
1979	231	1989	5.760	1999	154.613 (1)		

Ano 2003	Viaxeiros aloxados	Viaxeiros entrados	Pernoitas	Grao de ocupación	Capacidade estrutural	Número de establecementos
Comarca	8438	8214	11711	13,04	251	20
Xaneiro	145	145	219	3,22	237	18
Febreiro	200	200	261	4,15	237	18
Marzo	302	302	450	6,13	237	18
Abril	658	658	1039	14,61	237	18
Maio	565	564	742	9,85	243	19
Xuño	655	652	852	11,69	243	19
Xullo	986	986	1475	19,58	257	20
Agosto	2830	2694	3954	49,63	257	20
Setembro	871	815	1060	13,75	257	20
Outubro	445	443	506	6,21	263	21
Novembro	304	282	417	5,22	267	21
Decembro	477	473	735	9,1	275	22

Fonte: IGE. Ocupación no turismo rural

- No turismo se está a producir un aumento de demanda de turismo máis activo, no que se prima a realización de actividades e de sensacións co respecto ó descanso, máis característico dos emprazamentos de sol e praia. Tamén se observa un aumento da sensibilización cara a temas medioambientais e de calidade. Neste sentido a comarca de Sarria conta con recursos axeitados.

- Nas actividades de restauración, se realizamos unha análise cualitativa, se podería inferir o seguinte: falta de profesionalización do persoal e o abano da oferta se atopa maioritariamente na comida tradicional e de precio medio. En canto a análise cuantitativa se pode observar na seguinte táboa:

	O Incio	Láncara	Paradela	O Páramo	Samos	Sarria	Triacastela
Axencias de viaxes	0	0	0	0	0	3	0
Restaurantes	2	7	7	2	7	31	5
Cafeterías	0	0	0	0	0	12	0
Turismo activo	0	0	0	0	0	0	0

Fonte: Directorio de empresas e actividades turísticas. Ano 2007. Elaborado pola D.X. de Turismo. Consellería de Innovación e Industria.

- Tamén hai que chamar a atención da táboa anterior que non exista ningunha empresa de turismo activo. Se analizamos os datos a nivel provincial, só existen dúas empresas (unha en Lugo e outra en Viveiro).

- Hai unha serie de hándicaps dentro da actividade hosteleira e de restauración que hai que abordar, como son unha falta de profesionalización do persoal e falta de actividades de restauración e/ou hoteleiras especializadas e con actividades diferenciadas.

Conclusións:

-Dispoñemos de servizos de hostelería e restauración (xa analizados) e dispoñemos **tamén de recursos patrimoniais e naturais** (recollidos noutro apartado do estudo) pero **nos faltan actividades e servizos complementarios** para poder considerar que dispoñemos dun PRODUCTO TURÍSTICO, que deberán ser creados mediante a coordinación e cooperación das administracións e do sector privado e a implicación de todos os actores locais.


-E necesario realizar a **comercialización e promoción de forma conxunta, integrando a todas as partes**: as distintas administracións, a sociedade civil, os sectores económicos implicados...etc. A promoción deberá ademais estar insertada nunha planificación que comprenda un desenvolvemento sostible e integrador do territorio.


-Hai que **afrontar as crecentes demandas do sector turístico**: crecente concienciación por aspectos medioambientais, crecente importancia dentro da demanda do segmento de persoas maiores de 55 anos, demanda máis esixente en termos de calidade, o paso de vacacións pasivas cara a vacacións máis participativas, un mercado máis segmentado, o crecemento das viaxes independentes, a integración das TIC s..

O SECTOR PRIMARIO NA COMARCA DE SARRIA

ACTIVIDADE GANDEIRA

Na comarca de Sarria hai un total de 2.116 explotacións de gando bovino e 67.520 bovinos, por municipios a distribución é a seguinte:





Fonte: IGE, ano 2007

O ratio de bovinos por explotación é o seguinte: Triacastela (40,4), Paradelas (37,8), Sarria (33,64), O Páramo (31,20), Lancara (30,39), Samos (26,53), O Incio (21,99). A media provincial é de 24,74 bovinos por explotación.

As persoas ocupadas na agricultura segundo os ultimos datos recollidos polo IGE, que corresponde ó censo do ano 2001, son 3.575 persoas, das que 1.675 son mulleres e 1.900 son homes. Un 35% do total de poboación activa da comarca traballa na agricultura.

Rango dimensional	Estructura das explotacións de vacún de carne na comarca de Sarria						
	Parcelación		Carga gand. (UGT/SAU)	Man de obra (UTAs med.)			Idade do titular
	Ha	Parcelas		Total	Familiar	Allea	
De 1 a 14	0,41	30,00	1,73	1,84	1,83	0,013	52,01
De 15 a 29	0,54	37,91	1,75	2,28	2,25	0,026	45,92
De 30 a 44	0,91	38,44	1,89	2,25	2,09	0,153	43,00
De 45 a 59	0,69	47,71	2,06	2,16	2,16	0,001	43,57
Maior de 59	0,24	72,00	1,84	1,60	1,60	0,000	43,50
TOTAL	0,46	32,12	1,76	1,96	1,94	0,020	50,35

Fonte: INE, Censo Agrario de 1999

Rango dimensional	Estructura das explotacións de vacún de leite na comarca de Sarria						
	Parcelación		Carga gand. (UGT/SAU)	Man de obra (UTAs med.)			Idade do titular
	Ha	Parcelas		Total	Familiar	Allea	
De 1 a 14	0,45	29,56	1,85	1,97	1,97	0,008	49,53
De 15 a 29	0,57	29,46	2,74	2,32	2,28	0,031	44,92
De 30 a 44	0,71	29,48	3,36	2,51	2,46	0,051	44,01
De 45 a 59	0,78	30,64	4,51	2,71	2,66	0,048	44,71
Maior de 59	0,79	34,71	4,58	2,56	1,82	0,740	45,35
TOTAL	0,55	29,66	2,74	2,22	2,18	0,038	46,76

Fonte: INE, Censo Agrario de 1999

O número de parcelas medio por concellos oscila entre as 18,99 de Sarria e as 38,94 de Samos, o resto de municipios se atopa neste intervalo: O Incio (26,96), Láncara (20,76), Paradela (28,04), O Páramo (21,36), Triacastela (32,65). A media da provincia de Lugo é de 19,15 parcelas por explotación, a media galega é de 17,47 parcelas por explotación.

A Marxe Bruta Total (MBT) media para a comarca de Sarria é de 10.831,47 €, segundo os datos do Censo Agrario de 1999. Na seguinte táboa se pode observar este dato desglosado segundo a dimensión das explotacións e segundo a súa orientación.

Rango dimensional	MBT media das explotacións (€)	
	Comarca de Sarria	
	V. carne	V. leite
De 1 a 14	7.283,09	9.547,06
De 15 a 29	11.146,60	18.559,98
De 30 a 44	19.331,13	28.480,97
De 45 a 59	21.211,60	43.343,74
Maior de 59	64.851,77	56.265,30
TOTAL	8.613,74	17.862,48

Fonte: Distribución dos valores medios de MBT para o subsector do vacún (INE, Censo Agrario de 1999)

Se analizamos a formación dos gandeiros podemos observar que maioritariamente teñen unicamente a experiencia da práctica, aínda que tamén el alto, sobre todo no vacún de leite, o número de persoas que teñen realizado algún curso de formación.

FORMACIÓN COMARCA DE SARRIA	Formación do xefe da explotación (nº explotacións)			
	V. Carne		V. Leite	
	Nº	%	Nº	%
Práctica exclusiva	1.555	74,01	592	55,17
Universitaria	2	0,1	1	0,09
Formación Profesional	46	2,19	35	3,26
Outra agraria	498	23,7	445	41,47
TOTAL	2.101	100	1.073	100

Fonte: INE, Censo Agrario de 1999 – base de microdatos

As explotacións de gando vacún, tanto de leite como de carne, son a principal actividade económica do sector primario comarcal, pero tamén existen outras actividades gandeiras (de porcino, avícolas...). A seguinte táboa nos da unha idea da importancia económica das mesmas:

Nº de explotacións segundo o aproveitamento	Comarca de Sarria	
	Número	Porcentaxe
Vacún de carne	2.101	72,00%
Vacún de leite	1.073	36,77%
Ovino	643	22,04%
Cabrún	153	5,24%
Porco de cebo	2.196	75,26%
Porco de cría	781	26,76%
Cebo de polos	1.171	40,13%
Galiñas de posta	2.473	84,75%
TOTAL	2.918	100,00%

Fonte: INE, Censo Agrario de 1999 – base de microdatos

No que respecta ó grao de asociacionismo e cooperación entre explotacións gandeiras, os datos máis recentes de que dispón o IGE son do ano 2000, neste ano figuran 30 cooperativas de carácter agrario na comarca de Sarria.

A pesar da gran redución do número de explotacións que se veu producindo dende fai décadas (do ano 82 o ano 99, o número de explotacións reduciuse en Galicia un 25%), a maioría da superficie non foi vendida nin arrendada a outros agricultores, nin tampouco serviron para ampliar as explotacións restantes senón que quedaron abandonadas ou destinadas a outros usos. Na agricultura, a tendencia que se produciu foi cara unha supeditación productiva da gandería de vacún, de carácter máis intensivo, o que converteu o cultivo de forraxes na actividade agrícola fundamental, xunto coa actividade forestal.

Factores a ter en conta para o desenvolvemento futuro do sector

- 1.- A produción de materias primas renovables pode supoñer unha nova oportunidade para a agricultura e a gandería.
- 2.-A crecente preocupación polo medio ambiente e os efectos da agricultura e a gandería no mesmo.
- 3.-A seguridade e calidade alimentaria será un elemento decisivo para facerse cun lugar no mercado.
- 4.-A inocuidade dos métodos de produción e as consideracións referentes ó benestar dos animais.
- 5.-A creación de posibilidades de renda e emprego complementarias ou alternativas para os agricultores e as súas familias.
- 6.-Dispoñibilidade de terras abandonadas para aumentar a rendabilidade das explotacións actuais.

Conclusións, posibles accións a desenvolver:

- As alternativas que se deben plantexar as explotacións para mellorar o seu nivel de ingresos serán distintas segundo o tamaño das mesmas. As pequenas explotacións (con 14 ou menos animais) deberán buscar actividades complementarias á explotación ou unha orientación agraria alternativa, as explotacións medias (de 15 a 44 animais) poderían optar polo asociacionismo/cooperativismo, pola busca de actividades complementarias dentro da explotación, pola potenciación de cultivos intensivos (millo) para mellorar o acabado en cebo dos xatos, a busca de mecanismos para mellorar a comercialización (uso das TICs, cooperativismo...etc).
- Impulsar agrupacións comercializadoras e incentivar novas formas e tendencias comerciais.
- Fomento do asociacionismo en calquera das súas vertentes (SATS, cooperativas, ADS..)
- Fomento da creación de empresas ou asociacións de prestación de servizos.
- Apoio á mobilidade de terras e á posta en produción de terras abandonadas ou improductivas.

- Mellora da produtividade das producións leiteiras mediante o aproveitamento das potencialidades das explotacións (modernización das instalacións de muxido e fosas de xurros, sistemas de xestión de residuos procedentes da gandería, enerxías renovables..)
- Apoio á Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega para a revalorización comercial.
- Potenciación das producións cárnicas extensivas.
- Producción de cereais e leguminosas forraxeiras para a utilización en pensos ecolóxicos.
- Mellora xenética e sistemas e produción de hortalizas.
- Mellora xenética de gando.
- Sistemas de alimentación semi-intensiva avícola.
- Afondar na mellora xenética e incrementar a obtención de exemplares puros e híbridos de porco celta e galiña de mos.
- Sistemas de alimentación semi-intensiva de porcino.
- Métodos de conservación e presentación comercial de hortalizas

SECTOR FORESTAL

O punto máis importante a destacar é o seu problema estrutural, caracterizado polo abandono e a mala xestión :

- plantacións non planificadas
- non hai tratamento nin recollida das cortas da madeira
- a maleza non se retira coa periodicidade necesaria
- non existencia de zonas recreativas, deportivas...etc.

As accións correctoras van encamiñadas a ordenación do territorio, establecendo un novo modelo rural apostando por un monte rentable que evite a declaración e propagación de incendios e a súa vez que cree riqueza no medio rural xenerando materias primas renovables, empregos de base rural e rendas paralelas á da agricultura e gandería para agricultores, gandeiros e silvicultores.

SECTOR INDUSTRIAL.-

Na comarca de Sarria existe unha industria consolidada, sobre todo no centro comarcal, conta a comarca ca única fabrica de cemento de toda Galicia, industrias auxiliares desta fábrica e outras, sobre todo relacionadas ca transformación da madeira, pero faltan industrias agroforestais sobre todo nos concellos mais pequenos da comarca.

Problemática actual:

1. Falta de solo industrial, existe un parque empresarial pero que na actualidade non conta con un m2 de terreo, está prevista unha segunda fase de 253.548 m2 pero que se encontra en fase de exposición do proxecto.
2. O éxodo das empresas para outras comarcas e debida a falla de solo asi como a instalación de empresas foraneas.

3. As infraestruturas viarias son escasas e mal acondicionadas esto estase a solucionar en certa medida ca apertura de unha vía de alta capacidade.
4. Nos concellos mais pequenos existe unha problemática para a instalación de industrias que están a solucionarse ca aprobación dos plans xerais, nos que se contempla a dotación de solo industrial.

Conclusión: Igual que na maioría dos concellos de Galicia existe a problemática da falla de solo industrial, que se está a solucionar ca aprobación dos plans de ordenación e de cara o futuro favorecerán a implantación de industrias, sobre todo de transformacións agrarias que é o obxectivo que se pretende acadar a medio prazo, para que a riqueza endóxena non teña que emigrar a outros lugares.

SITUACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL

Unha das características principais da comarca é a súa riqueza paisaxística, espazos naturais protexidos, o Camiño Francés a Santiago, ríos, devesas...etc., sen esquecer outro patrimonio de gran importancia como é o Castro de Formigueiros, as Mámoas do Incio, a Cova de Eirós de Triacastela, Igrexa de Hospital do Incio, o Mosteiro de Samos...

Deberase levar a cabo todo un traballo de recuperación, conservación, mellora e divulgación dos mesmos, para poñelos en valor e que se conviryan nun reclamo turístico de forma que axude á fixación da poboación nas zonas rurais e contribúa na mellora das rendas familiares.

2.- DETERMINACIÓN DE ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES.

DEBILIDADES	FORTALEZAS
1) Carencia de recursos e coidados para persoas maiores, persoas con discapacidades e para os coidadores destes. 2) Carencia de recursos técnicos: sociais, sanitarios e culturais no rural. 3) Déficit infraestruturas de comunicación: acceso a Internet, cobertura teléfono móbil, e mesmo no sinal de televisión en algunhas zonas, estradas, transporte público para maiores e discapacitados... 4) Illamento físico e dispersión xeográfica de algunhas zonas rurais. 5) Diferenzas de xénero na sociedade rural. 6) Infrautilización de infraestruturas públicas. 7) Progresiva perda de peso no sector agrario. 8) Excesivo minifundismo: pequena dimensión das explotacións que están divididas en excesivos número de parcelas. 9) Alto índice de envellecemento da	1) Posibilidades de diversificación da produción agraria con produtos de calidade. 2) Posibilidade de utilización de recursos existentes para a poboación en xeral. 3) Riqueza inmaterial dos nosos maiores transmisores de cultura, oficios, xogos, historias, lingua... 4) Elevada porcentaxe de mulleres que son titulares de explotacións. 5) Capacidade para a extensificación de produción e redución dos custos medios, aproveitando as superficies abandonadas ou infrautilizadas. 6) Importante progreso da agricultura galega. 7) Cultivos hortícolas vinculados a pequenas hortas familiares. 8) Potencial da agricultura ecolóxica. 9) Redución cárnica de prestixio. 10) Potencial produtivo do sector forestal. 11) Potencial crecemento da industria

poboación e a mortalidade triplica a natalidade. 10) Escasa formación dos traballadores do rural. 11) Baixa produtividade do traballo agrario. 12) Indicador da renda dos fogares por debaixo da media galega. 13) Redución da renda agraria debido a subida dos prezos dos inputs, entre outros, e o estancamento dos prezos dos seu produtos. 14) Elevado número de terras abandonadas. 15) Dispersión e atomización da industria e escasa presenza da agroindustria. 16) Infravalorización social do traballo e da maquinaria no rural. 17) Modificación e perda dos usos tradicionais. 18) Xeración dun desenvolvemento que altere ou dane os recursos naturais ou culturais. 19) Carencia de canais de comercialización que aseguren a saída da produción. 20) Carencia de redes cooperativas-asociativas, que permitan o “respiro profesional”. 21) Barreiras psicolóxicas para introducir as novas tecnoloxías. 22) Elevado porcentaxe de sustancias tóxicas no solo o una auga, forte consumo de enerxía nas explotacións.	agroalimentaria e da diversificación cara os produtos de maior valor engadido, empreñando as materias primas de calidade polo sector agrario. 12) Desenvolvemento Rede Natura 2000 e declaración de espazos protexidos. 13) Diversidade xeográfica, dáfica e climatolóxica. Alto índice de biodiversidade e patrimonio natural de gran riqueza. 14) Importante potencial de biomasa e biogas. 15) Progresiva diversificación da economía rural: PEME, artesanía, caza, pesca... 16) Desenvolvemento do turismo como fonte de valorización do patrimonio natural e cultural (Camiño Francés de Santiago). 17) Potencial de oferta turística en zonas rurais. 18) Cabeceira comarcal con gran potencial dinamizador. 19) Tradición emprendedora da poboación galega.
---	---

AMEAZAS	OPORTUNIDADES
1) Cambio nas regulacións e acordos internacionais con influencia no tecido produtivo (PAC, OMC...) 2) Aumento de competencia en materia de prezos e custos por parte de países emerxentes, como consecuencia da liberalización económica e da ampliación da Unión Europea aos países do leste. 3) Reto da integración socioeconómica dos fluxos migratorios. 4) Aumento de exixencias dos consumidores na calidade e seguridade alimentaria. 5) Incremento dos custos de produción do sector, especialmente a enerxía. 6) Proceso de abandono das terras agrícolas e forestais que favorece a aparición de incendios forestais. 7) Cambio climático. 8) Aumento da competencia de outros destino turísticos.	1) Preferencia por coñecer a cultura rural. 2) Incremento da preferencia do consumidor polo turismo rural. Crecente demanda rural de espazos naturais e de entretemento. 3) Incremento da preferencia do consumidor polos produtos ecolóxicos. 4) Posibilidade de captación de novos mercados e fluxos turísticos. 5) Posibilidade de oferta de produtos diferenciados e exclusivos. 6) Posibilidade de desenvolvemento agrario, gandeiro e turismo alternativo. 7) Posibilidade de incrementar a calidade de vida e o emprego no medio rural. 8) Novas opcións de localización de actividades económicas non tradicionais. 9) Utilización de novas tecnoloxías e maiores posibilidades de acceso a formación e información. 10) Posibilidades de diversificación das

9) Falta de confianza por parte das asociacións, particulares, e posibles iniciativas empresariais na potencialidade deste proxecto por experiencias negativas anteriores.

actividades e millares expectativas para a pluriactividade.

11) Forte atractivo do medio natural galego.

12) Presenza do Camiño de Santiago como dinamizador do turismo.

13) Incorporación da muller rural a vida económica e social como protagonista de pleno dereito.

14) Dispoñibilidade de condicións e recursos para potenciar as enerxías renovables.

15) Demanda crecente de produtos e prácticas respectuosas co ambiente.

3.- OBXECTIVOS.

3.1. IDENTIFICACIÓN DA ESTRATEXIA DO GDR SETE CASTROS.

Unha das características máis relevantes da Comarca de Sarria é a súa ruralidade con excepción do que é a súa capitalidade que ten un núcleo urbano importante. Por iso, o desenvolvemento rural cobra unha especial transcendencia, sendo un instrumento de particular utilidade para facer fronte ós desequilibrios internos causados pola concentración do crecemento no núcleo urbano e pola acusada tendencia ao abandono que sofre o resto do territorio, en particular as zonas de montaña.

A viabilidade das zonas rurais, expresada en termos de sostibilidade económica, social e ambiental, preséntase como un reto imprescindible para o necesario reequilibrio territorial. A loita contra o despoboamento, así como a necesidade de frear o abandono das actividades tradicionais, con elevados valores naturais e culturais asociados, constitúese no núcleo da estratexia. Para facer fronte a estes retos cómpre unha complexa combinación de elementos que xeren crecemento económico e progreso social sobre a base da posta en valor dos propios recursos endóxeos, preservando a súa estabilidade, integridade e conservación a longo prazo.

Na formulación estratéxica do GDR Sete Castros é preciso considerar o elevado peso económico e social dos sectores agrario e forestal no conxunto da economía da comarca, así como a dependencia que ten gran parte do espazo rural da actividade agraria.

Deste xeito, e dado o carácter estratéxico dos sectores agrario e forestal, queda xustificada a maior importancia que cobrarán as actuacións dirixidas ó seu desenvolvemento na estratexia do GDR, así como o protagonismo que terán agricultores e gandeiros no resto das liñas de acción.

Nesta mellora do medio rural tamén queremos dar cabida os colectivos con dificultades especiais de integración laboral facendo actuacións específicas dirixidas a eles.

Partindo do carácter estratéxico do medio rural para o proxecto de desenvolvemento da Comarca, esixe un medio rural forte e ben dimensionado, cómpre destacar unha serie de puntos que indican as prioridades do GDR para establecer os obxectivos finais, intermedios e específicos. As ditas **prioridades** son:

- Contribuír á xeración de rendas dignas para os produtores agrarios, para garantir a súa permanencia en activo.
- fomento do relevo xeracional no sector agrario e forestal, mediante a incorporación de mozos e mozas como titulares de explotación.
- aproveitamento de terras infrautilizadas, a reforma das estruturas agrarias e a reorientación dos sistemas produtivos con criterios de ordenación, para ser menos dependentes dos consumos externos.
- A valorización das superficies de monte, mediante a súa ordenación, a aposta pola produción de madeiras de calidade, a diversificación das especies forestais prestando un apoio especial ás frondosas caducifolias e o aproveitamento multifuncional do bosque.
- Fomento dos proxectos asociativos e cooperativos, como mecanismo para mellorar a viabilidade das explotacións e para o desenvolvemento de novas actividades no medio rural.

- O incremento do valor engadido das cadeas agroalimentarias e forestais, a través do fomento das producións de calidade e do pechamento dos ciclos produtivos.
- A innovación tecnolóxica e a formación nos sectores agroalimentario e forestal.
- A aposta por un modelo de agricultura respectuosa co ambiente e pola agricultura ecolóxica.
- Forestación de terras non agrarias de aptitude forestal.
- Adopción de medidas preventivas contra os incendios forestais.
- A xeración de novas oportunidades de emprego nas zonas rurais, en actividades que respondan ás actuais demandas sociais e que axuden a fixar poboación.
- O avance na equiparación das condicións de vida das áreas rurais coas urbanas.

Tendo en conta as consideracións expresadas previamente, establécense uns obxectivos finais e outros intermedios.

A determinación dos obxectivos finais e intermedios do GDR realízase de acordo coas directrices comunitarias e estatais, que sinalan con claridade os ámbitos concretos sobre os que deben situarse as actuacións, en función das características e principais necesidades da situación do medio rural galego.

Deste modo, a estratexia comarcal céntrase na consecución dos tres obxectivos finais que se mostran a seguir:

3.2.- OBXECTIVOS FINAIS.

- Reforzar a base produtiva agroalimentaria e forestal.
- Fomentar un sector agrario e forestal multifuncional e sostible.
- Mellorar a calidade de vida e a economía das zonas rurais.

Obxectivo final 1.

Reforzar a base produtiva agroalimentaria e forestal:

Este obxectivo descomponse nos seguintes obxectivos intermedios:

- Fomentar o coñecemento e desenvolver o capital humano.
- Reestruturar e desenvolver o potencial físico fomentando a innovación.
- Fomentar a calidade da produción agraria.

A consecución deste primeiro obxectivo final implica que as explotacións agrarias inicien un proceso de innovación que permita mellorar a súa viabilidade no contexto europeo.

Todo isto non só a través das clásicas actuacións destinadas á incorporación de agricultores mozos ou ao apoio aos investimentos das explotacións agrarias, senón tamén a través de actuacións dirixidas á innovación, información, formación profesional e asesoramento técnico.

É necesario tamén realizar actuacións que contribúan a mobilizar e a poñer en valor superficies infrautilizadas, ó tempo que se favorece a reorientación cara sistemas produtivos menos dependentes de consumos externos, de forma que permitan reducir os custos unitarios e/ou obter produtos de calidade, reforzando desta forma a viabilidade económica das

explotacións ó tempo que se avanza cara modelos produtivos máis sostibles dende o punto de vista ambiental.

Por outra banda, apóstase pola obtención de produtos agrarios e forestais de calidade, perseguindo asemade unha mellora das canles de comercialización. Desta maneira téntase responder ós cambios na demanda de produtos agroalimentarios e forestais, adaptando a oferta en materia de calidade, trazabilidade e seguridade. Así mesmo, o apoio ás empresas agroalimentarias e de transformación forestal desempeñará un importante papel en termos de xeración de emprego e renda nas zonas rurais e, por tanto, incidirá na fixación de poboación.

Por conseguinte, preténdese darlle apoio ao sector agrario, sobre todo a aquelas explotacións ou cooperativas que opten por unha vía de transformación e comercialización dos seus produtos. En todo caso, daráselles prioridade ós aspectos relacionados coa innovación tecnolóxica e a aplicación de I+D+i.

Por último, o logro deste obxectivo final implica a posta en marcha dun proceso de valorización, recuperando variedades tradicionais e desenvolvendo novos produtos e procesos tecnolóxicos. Esta valorización persegue un duplo obxectivo: por un lado, obter un rendemento destes produtos que contribúa a incrementar a renda das áreas rurais; por outro lado, contribuír a reducir os danos ambientais ocasionados polo proceso de abandono.

Obxectivo final 2.

Fomentar un sector agrario e forestal multifuncional e sostible:

Este obxectivo final descomponse nos seguintes obxectivos intermedios:

- Fomentar o uso sostible das terras agrarias e forestais.
- Conservar e valorizar o patrimonio natural.

De cara á consecución deste segundo obxectivo, será necesario, por unha parte, ofrecer unha axeitada remuneración das funcións territoriais, sociais e ambientais que desenvolve a actividade agraria.

Tamén é importante sinalar que, como parte fundamental da estratexia, para a consecución deste obxectivo, figura o fomento de métodos de produción máis respectuosos co ambiente, como é o caso da agricultura ecolóxica.

Actuarase no sentido de fomentar a compatibilidade entre as actividades agroforestais e a preservación de hábitats e especies de interese para a conservación da biodiversidade, especialmente nos espazos da Rede Natura 2000 ou noutras áreas de alto valor natural.

Ademais, perséguese a sensibilización en cuestións ambientais, en particular da poboación rural que reside en áreas de alto valor natural.

Dentro deste obxectivo sitúanse tamén a promoción das actividades silvopastoris que aparte de ser un renda engadida contribúe a prevención dos incendios forestais.

Obxectivo final 3.

Mellorar a calidade de vida e a economía das zonas rurais:

A consecución deste terceiro obxectivo final implica tanto o aumento da renda e a creación de emprego nas zonas rurais, como a mellora da calidade de vida da poboación residente, aumentando a capacidade de acollida do territorio de investimentos produtivos.

Neste sentido, precísase unha diversificación da economía rural alén da agricultura, a gandaría e a silvicultura que, malia seren actividades con alta capacidade para mellorar as rendas e as condicións de vida dos habitantes do mundo rural, non son suficientes para resolver o problema do emprego rural e equiparar as rendas. É necesario promover a ampliación do eido de actividades das explotacións e a creación de pequenas unidades de produción que consoliden novas actividades sectoriais no medio rural e contribúan á creación dun tecido empresarial dinámico.

Por outra banda, actuarase na mellora das condicións de vida dos residentes en zonas rurais, tanto no sentido de mellorar as infraestruturas nas áreas rurais como de fomentar a implantación e a mellora dos servizos básicos demandados pola poboación.

Deste xeito, a consecución deste obxectivo permitirá progresar en prol dunha maior fixación da poboación nas zonas rurais.

Finalmente, e a través do exposto, podemos deducir toda unha serie de obxectivos específicos que permiten conectar as directrices comunitarias e estatais coas debilidades e fortalezas do medio rural da Comarca, así como coas ameazas e oportunidades detectadas no diagnóstico levado a cabo. Estes obxectivos son totalmente operativos e foron establecidos polas mesas sectoriais.

3.3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

1. Fomentar o coñecemento e desenvolver o capital humano:

- Formar dentro do posible en materias relacionadas ca mellora do funcionamento das explotacións, ca impartición de cursos relacionados ca produción agraria, gandeira e forestal.
- Implantar políticas medioambientais baseadas na educación, concienciación e técnicas de bo comportamento.
- Formar profesionais para que presten servizos, que impliquen unha oferta turística comarcal de calidade.

2. Reestruturar e desenvolver o potencial físico fomentando a innovación:

- Mellorar a base territorial e as infraestruturas relacionadas coas explotacións agrarias.
- Fomentar a diversificación produtiva agraria, ca recuperación de cultivos autóctonos, implantación de outros novos alternativos e o silvipastoreo.
- Fomentar a valorización dos espazos forestais, mediante a ordenación do monte e dotación de cotos de caza.
- Aumentar o valor engadido das cadeas agroalimentarias e forestais.

- Apoiar o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías que conlevarían o aproveitamento de materias primas existentes, favorecendo o medio ambiente, aumento das rendas e creando postos de traballo.
- Mellorar as canles de comercialización de produtos agrarios e gandeiros ca creación de unha Lonxa comarcal para a poxa, tanto de gando como de produtos hortícolas, isto suporía unha canle de comercialización, un valor engadido, unha alternativa a desaparición de pequenas explotacións e a creación de postos de traballo.
- Potenciar o asociacionismo agroalimentario, tecido asociativo e mancomunidades de montes.

3. Fomentar a calidade da produción agraria, turística e cultural:

- Crear denominacións de orixe e produtos de calidade típicos da comarca, como embutidos, mel, castaña, artesanía....
- Crear unha imaxe de marca dos sete concellos da comarca.

4. Fomentar o uso sostíbel das terras agrarias:

- Fomentar a produción ecolóxica.
- Implantar o uso de enerxías renovables dentro do medio rural.
- Conservar e valorizar as zonas de alto valor natural e zonas agrarias desfavorecidas.
- Recuperar núcleos rurais abandonados.

5. Valorizar o Camiño de Santiago:

- Conservar e potenciar o Camiño Francés.
- Mellorar o aloxamento e a restauración no seu paso.
- Crear zonas de descanso e mellorar a sinalización do mesmo.
- Ofrecer produtos artesanais elaborados nos núcleos rurais por onde discorre o camiño.
- Crear e mellorar os puntos de información así como un grupo de Guías Turísticas para o acompañamento na visita dos principais monumentos da Comarca.
- Promover o espazo afín ó Camiño, ca divulgación de folletos, trípticos e concertos puntuais cos medios de comunicación.

6. Conservar e valorizar o patrimonio natural e cultural:

- Mellorar as condicións de protección, conservación e xestión do ámbito natural, recuperando as ribeiras de canle, o medio acuático para implantación de deportes.
- Conservar e mellorar a biodiversidade e outros sistemas ambientais, asociados aos ecosistemas agrarios.
- Fomentar o turismo na comarca mediante a recuperación de castros e creación de roteiros por zonas de alto valor cultural e paisaxístico, como: mamoadas, rede natura...
- Recuperar cantigas, bailes, contos, lendas,

7. Mellorar a calidade de vida e a economía das zonas rurais:

- Mellorar as telecomunicacións (Internet, telefonía móbil, ...) ca implantación da banda ancha ou outros tipos de medios que favorezan o funcionamento das mesmas.
- Conservar e mellorar o patrimonio rural mediante a recuperación muíños, fontes, lavadoiros...
- Crear Centros de Día, centros de recursos, servizos de comedor e liñas de transporte colectivo no medio rural.
- Fomentar actividades lúdicas e deportivas, mediante a creación de empresas.

4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN.

Xustificación da selección das liñas de actuación.

Os obxetivos definidos anteriormente poranse en marcha a través dun conxunto de liñas de actuación.

A definición das ditas actuacións baséase no cumprimento dos obxetivos expostos, que á súa vez responden ás deficiencias e puntos fortes identificados na análise do medio rural da comarca.

4.1.- MEDIDA 411 – DINAMIZACIÓN DO MEDIO AGRARIO E FORESTAL

Esta medida engloba toda unha serie de actuacións dirixidas prioritariamente á mellora e o rendemento global das explotacións, mediante a reorientación dos sistemas produtivos; e a mobilización produtiva da terra e ao freo da tendencia de desaparición das explotacións; ó incremento do valor engadido das producións agrarias e forestais e ó desenvolvemento da capacidade de innovación e da calidade das cadeas agroalimentaria e forestal.

Dentro de todas as accións que se levarán a cabo no seo desta medida, cómpre destacar os seguintes grupos de actuacións:

1. O apoio ós investimentos das explotacións agrarias:

O obxectivo xeral destas actuacións é conseguir que as explotacións agrarias inicien un proceso de innovación que lles permita mellorar a súa viabilidade tanto no ámbito comarcal como no contexto europeo, coa finalidade de asentar poboación no medio rural.

Os beneficiarios destas actuacións serán os titulares de explotacións ou agrupacións de gandeiros nas súas diversas formas (SAT, Cooperativas, etc).

As principais accións subvencionables serán:

- Apoio ós investimentos nas explotacións, con especial incidencia na incorporación de novas tecnoloxías e procesos, na mobilización produtiva da terra e no avance cara a sistemas produtivos menos dependentes de inputs externos.
- Accións dirixidas á mellora da calidade dos produtos.
- Que teñan por obxectivo a recuperación de variedades tradicionais.
- Que afecten as producións extensivas en áreas ambientalmente sensibles.
- Que estean dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética das explotacións.
- fomento das formas asociativas.
- As accións de apoio á innovación.

2. Posta en valor do monte:

O obxectivo xeral destas actuacións é o incremento do valor económico dos bosques, tendo en conta en todo caso a triple función dos montes: económica, social e ambiental.

Os beneficiarios destas actuacións serán as comunidades de montes veciñais en man común e as asociacións de propietarios. Terán prioridade as accións realizadas por quen teña

como actividade principal a agrícola, gandeira ou forestal e que ademais teñan residencia no medio rural. As actuacións a levar a cabo, serán iniciativas de valorización integral do monte: ordenación dos recursos e diversificación de actividades.

Neste sentido subvencionaranse proxectos que impliquen a posta en valor de montes, sempre que sexan actuacións singulares, excluindo as plantacións ou actuacións forestais regulares e os tratamentos silvícolas asociadas a elas. Ademais fomentaranse os sistemas pastorís e mvmc.

3. Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.

O obxectivo xeral está encamiñado a aumentar o rendemento global da actividade, a través da obtención de produtos agrarios de calidade, sen descoidar unha mellora da transformación e das canles de comercialización. A través destas liñas de actuación daráselles prioridade ós aspectos relacionados coa innovación tecnolóxica e coa aplicación de I+D+i.

Dentro das actuacións podemos diferenciar:

- Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios, considerando como tales os referidos no Anexo 1 do Tratado da CE, con excepción dos produtos da pesca.
- Proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais, fomentando fórmulas conxuntas ou circuitos curtos, os proxectos relacionados coa utilización da madeira como materia prima limitaranse nesta medida as operacións anteriores a transformación industrial.
- Cooperación para desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías nos sectores agrario, alimentario e forestal. Proxectos de cooperación entre produtores agrarios ou forestais, empresas de transformación e comercialización agraria ou forestal e/ou centros tecnolóxicos e de investigación. En especial, proxectos que ofrezan saídas alternativas e de mellor calidade e que incrementen o valor engadido dos produtos.

4.2.- MEDIDA 412 – MELLORA MEDIOAMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL

Esta medida engloba toda unha serie de actuacións dirixidas prioritariamente á conservación da biodiversidade, ó fomento de métodos de produción compatibles coa protección do contorno e á posta en valor das funcións territoriais, sociais e ambientais dos espazos agrario e forestal, e do contorno rural deste territorio. Especialmente contornos afectados por algunha figura de protección como a Rede Natura 2000. Preténdese reforzar a sostibilidade das explotacións e fomentar o desenvolvemento de sistemas de produción sostibles.

As actuacións están encamiñadas a investimentos non produtivos en tres áreas:

- Para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.
- En explotacións agrarias.
- En espazos forestais.

4.3.- MEDIDA 413 – DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

O obxectivo das actuacións que se engloban nesta medida é, por un lado, a diversificación económica e o aumento das rendas da poboación rural e, por outro lado, a mellora das condicións de vida nos espazos rurais. As liñas de acción prioritarias serán:

O apoio á diversificación económica das áreas rurais

Podemos diferenciar entre:

- Diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias, repercutindo de forma positiva na renda das primeiras.
- Creación, ampliación, modernización de PEMES. En definitiva, o apoio a proxectos dinamizadores das áreas rurais; proxectos que teñan como obxectivo final o desenvolvemento equilibrado do territorio, favorecendo a xeración de actividade e incrementando o nivel de renda da poboación.
- Fomento de actividades turísticas a través de:
- Desenvolvemento e/ou comercialización de novos produtos e servizos.
- Infraestruturas turísticas, tales como rutas de sendeirismo, áreas de lecer,
- Pequenas infraestruturas, tales como centros de información turística.

As accións orientadas á mellora da calidade de vida das áreas rurais

Esta liña de acción comprende tres tipos de actuacións:

- A mellora das infraestruturas e dos servizos básicos da poboación, como por exemplo: centros de integración social e de atención a necesidades específicos (discapacitados, terceira idade, infancia, colectivos desfavorecidos...), centros e/ou áreas de lecer e tempo libre, incorporación de novas tecnoloxías no medio rural, liñas e/ou medios de transporte; en xeral, todo aquilo que favoreza a mellora da calidade de vida no medio rural.
- Accións dirixidas á mellora do patrimonio natural e cultural das áreas rurais: Investimentos de restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural (centros de interpretación, intervencións arqueolóxicas, recuperacións de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural, ...); elaboración de plans de protección e xestión de zonas de protección Natura 2000 e demais zonas de alto valor natural; desenvolvemento de paraxes de alto valor cultural; mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural, e dada a súa relevancia territorial incluiremos a realización de investimentos polas comunidades para proxectos de mantemento e recuperación de sistemas silvopastoris sen finalidade produtiva.
- Formación, que poderá recoller de forma transversal as accións recollidas nas liñas anteriores e que deberán estar vinculados a proxectos de investimentos materiais promovidos nesta medida 413. Pode abarcar dende talleres, teleformación, ata cursos máis específicos e personalizados. A mellora e aumento da formación leva implícita a mellora na calidade de vida, favorecendo a adaptación as esixencias e necesidades do mercado.

4.4.- MEDIDA 431 – GASTOS DE FUNCIONAMENTO, ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES E PROMOCIÓN TERRITORIAL

4.4.1.SUBMEDIDA 431.A. GASTOS DE FUNCIONAMENTO

- Funcionamento do grupo
- Promoción

4.4.2.SUBMEDIDA 431.B. ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES E PROMOCIÓN DO TERRITORIO

- Difusión do programa
- Encontros, xornadas e seminarios...
- Material de promoción
- Viaxes, presenza en eventos...
- Sinalización turística, rutas...
- Accións de formación vinculadas á aplicación da estratexia
- Valorización do patrimonio cultural inmaterial

5.- INDICADORES.

A valoración dos procedementos e dos sistemas de seguimento e de avaliación previstos no GDR permitirán constatar a súa axeitada definición, de modo que se garanta a súa execución eficaz.

Analizados os obxectivos e as medidas de actuación (punto 4.3 e 4.4) compre revisar periodicamente o proceso. Para a realización dos obxectivos e medidas de actuación xa se foi realizando simultaneamente unha avaliación, a cal permite a reorientación do programa durante o seu proceso de elaboración.

Os posibles efectos adversos derivados da posta en marcha do programa serán limitados ou contrarrestados coa aplicación dunha serie de medidas correctoras. Estas medidas derívanse do cumprimento da normativa existente, orientadas a garantir o cumprimento dos obxectivos e os criterios de atribución.

O que permite afirmar que a programación realizada é de calidade e se asignará unha óptima asignación dos recursos son os seguintes traballos realizados:

- 1) Diagnóstico da situación da comarca. O cal permitirá identificar os retos e problemática a que se enfronta.
- 2) Os obxectivos que se establecen no programa adecúanse as deficiencias e potencialidades detectadas.
- 3) A análise de fundamento da estratexia pon de manifesto que existen fortes vínculos de interrelación entre os distintos obxectivos do programa.
- 4) As medidas do GDR son unha derivación lóxica dos obxectivos formulados.
- 5) A coherencia existente entre os obxectivos finais, intermedios e específicos; e tamén cos obxectivos de ámbito europeo e estatal.

6.- COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS.

Este plan de desenvolvemento rural é coherente e complementario con toda a política de desenvolvemento rural, tanto a nivel autonómico, estatal e europeo.

Todos os proxectos que teñan financiamento por outras vías trataranse de reorientar e simultanear nos casos que sexa posible, realizando o equipo xestor unha función de orientación e asesoramento sobre as posible axudas, subvencións, vías de financiación..., as que se puideran acoller. Así, a modo de exemplo, as medidas relativas ó sector agrario-forestal teñen como finalidade manter a poboación rural e frear o abandono de terras, obxectivo común a este plan e a PAC.

En base as distintas propostas presentadas, as axudas solicitadas a este programa, poderían ser complementadas con outras das distintas Consellerías da Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Administracións Locais....



II

PLAN DE COOPERACIÓN

PLAN DE COOPERACIÓN.

Unha das finalidades ou punto a ter en conta do GDR Nº 6 é compartir con outros territorios rurais experiencias e resultados, intercambiar coñecementos e asociarse en proxectos comúns.

Un dos principais recursos da comarca é o Camiño de Santiago, pola que se buscarán outras comarcas españolas coas que colaborar en rede; sen descartar outras posibles accións de cooperación con outros territorios cos que se poidan compartir puntos en común.

A asociación GDR Os Sete Castros comprométese a integrarse na Rede Galega de Grupos de Desenvolvemento Rural.



III

NORMAS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA

1.- CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS.

1.1.O límite de axuda pública máxima en función dos diferentes tipos de proxectos serán:

A puntuación mínima que haberá de obter un proxecto para ser subvencionado: 35 puntos para os proxectos productivos e 25 puntos para os non productivos

1.2.Criterios para para a selección e priorización de proxectos:

a) Os proxectos terán que cumprir os seguintes requisitos de subvencionabilidade:

- 1.- Que teñan carácter innovador.
- 2.- Que sexan viables.
- 3.-Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.

b) Baremo para os proxectos productivos

Criterios de baremación. Proxectos productivos	
1.- Situación xeográfica.	40 puntos.
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto. Este criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Estableceranse catro tramos: < 85 -----10 pto 85-90-----7,5 pto >90-100 ----5 pto >100-----0 pto	Máximo de 10 puntos.
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. Este criterio valorarase de acordo ao envellecemento según o IGE. Estableceranse catro tramos: > 300 ----- 10 pto 300-200 ----- 8 pto >200-100 ----- 6 pto >100-0 ----- 3 pto Nota: Empregaranse os datos das fichas municipais do IGE.	Máximo de 10 puntos.
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. Este criterio valorarase en función da poboación dos núcleos. Estableceranse catro tramos: < 200 ----- 10 pto 200-500 -----7,5 pto >500-2500 ----- 5 pto >2500 -----0 pto	Máximo de 10 puntos.
1.4.- Outros criterios xeográficos. Este criterio valorarase en función de outros criterios de carácter xeográfico, como poden ser zonas de montaña, zonas desfavorecidas ou espazos naturais protexidos (Rede Natura). Estableceranse tres tramos: Zona de montaña ----- 7,5 pto Rede Natura ----- 2,5 pto Zona desfavorecidos ----- 7,5 pto Nota: Según a información facilitada pola Consellería de Medio Rural, dos concellos que forman a comarca de Sarria, 5 son zona de montaña e 2 son zona desfavorecida, de forma que as dúas categorías nunca serán coincidentes. Ningún concello desfavorecido está dentro da Rede Natura.	Máximo de 10 puntos.
2.- Características do promotor do proxecto.	10 puntos.

2.1 Este criterio valorarase coa finalidade de favorecer a determinados colectivos, como a mocidade ou mulleres. Estableceranse tres supostos: (Máximo 8 puntos)

<= 30 anos ---- 6 ptos

>=45 -----7 ptos

Mulleres ---- 3 ptos

2.2 Compromiso de utilización da lingua galega:
2 puntos

3.- Incidencia no emprego.

25 puntos.

3.1. Este criterio valorarase en base a creación de emprego Estableceranse tres tramos:

> 2,25 -----6,25 ptos

2,25- 1 empregos ----- 4 ptos

>1-0,25 emprego ----- 2 ptos

3.2. Incidencia da inversión na creación de emprego: $\text{Inversión} / (1000 \times \text{Nº empregos})$, resultado da fórmula:

0-15-----6,25 ptos

>15-30----- 5,25 ptos

>30-50----- 4,25 ptos

> 50-75-----3,25 ptos

>75-----2,25 ptos

3.3. Contratación con determinados colectivos: (Máximo 6 puntos)

Mulleres-----2

Parados de longa duración-----2

Minusválidos-----2

>= 45 anos -----2

3.4. Calidade do emprego:

3.4.1. Contratos Indefinidos

> 50% do total do emprego que sexa indefinido-----4,50 ptos

>30%-50% do total do emprego que sexa indefinido-----2,50 ptos

>=10%- 30% do total do emprego que sexa indefinido---1,50 ptos

<10% do total do emprego que sexa indefinido----- 0 ptos

3.4.2. Que o emprego creado se adecue a formación esixida no sector----2 ptos

4.- Impacto sobre o territorio.

25 puntos.

Este criterio valorará o efecto multiplicador do proxecto, como pode ser a utilización de recursos endóxenos, a innovación do proxectos, xestión de residuos e impacto visual. Estableceranse 2 subcriterios independentes:

4.1. Capacidade de arrastre do proxecto: Utilización dun mínimo do 50% de inputs da zona (acreditados con facturas de empresas do territorio do programa):

> 10% – 25%-----5 ptos

> 25% - 50% ----- 10 ptos

> 50% - 75% ----- 15 ptos

>75% ----- 20 ptos

4.2. Incidencia ambiental: Se o proxecto recolle debidamente xustificadas algunha das seguintes medidas: xestión de residuos e/ou utilización de enerxías renovables: (Máximo 5 puntos)

- Plan de recuperación do entorno (cultural ou natural) ----- 2,5 ptos

- Xestión de residuos ----- 2,5 ptos

- Utilización de enerxías renovables -----2,5 ptos

c) Baremo para proxectos non productivos

Criterios de baremación. Proxectos non productivos	
1.- Situación xeográfica.	40 puntos.
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto. Este criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Estableceranse catro tramos: < 85 -----10 pto 85-90----7,5 pto >90-100 ----5 pto >100-----0 pto	Máximo de 10 puntos.
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. Este criterio valorarase de acordo ao envellecemento según o IGE. Estableceranse catro tramos: > 300 ----- 10 pto 300-200 ----- 8 pto >200-100 ----- 6 pto >100-0 ----- 3 pto Nota: Empregaranse os datos das fichas municipais do IGE.	Máximo de 10 puntos.
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. Este criterio valorarase en función da poboación dos núcleos. Estableceranse catro tramos: < 200 ----- 10 pto 200-500 -----7,5 pto >500-2500 ----- 5 pto >2500 -----0 pto	Máximo de 10 puntos.
1.4.- Outros criterios xeográficos. Este criterio valorarase en función de outros criterios de carácter xeográfico, como poden ser zonas de montaña, zonas desfavorecidas ou espazos naturais protexidos (Rede Natura). Estableceranse tres tramos: Zona de montaña ----- 7,5 pto Rede Natura ----- 2,5 pto Zona desfavorecidos ----- 7,5 pto Nota: Según a información facilitada pola Consellería de Medio Rural, dos concellos que forman a comarca de Sarria, 5 son zona de montaña e 2 son zona desfavorecida, de forma que as dúas categorías nunca serán coincidentes. Ningún concello desfavorecido está dentro da Rede Natura.	Máximo de 10 puntos.
2.- Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto.	20 puntos.
2.1 Este criterio valorarase en función dos concellos nos que incida o proxecto: 7 concellos ----13 pto 6 concellos ----11 pto 5 concellos ---- 9 pto 4 concellos ---- 7 pto 3 concellos ---- 5 pto 2 concellos ---- 3 pto	
2.2 Este criterio valorarase en función do número de entidades que participen no proxecto: 1 entidade -----2,5 pto Mais dunha entidade ----- 5 pto	
2.3. Uso do galego Compromiso de utilización da lingua galega-----2 pto	

Criterios de baremación. Proxectos non produtivos (continuación)

3.- Impacto sobre o territorio.	40 puntos.
3.1. Este criterio valorarase en base a creación de emprego. Estableceranse tres tramos: >= 2,25 ----- 10 ptos <2,25 - 1,25 empregos ---- 7 ptos < 1,25 - 0,25 emprego ----- 4 ptos	
3.2 Este criterio valorarase en función da súa incidencia medioambiental. Tendo en conta se o proxecto recolle debidamente xustificadas algunha das seguintes medidas: (Máximo 5 puntos) - Plan de recuperación do entorno (cultural ou natural) ----- 2,5 ptos - Xestión de residuos ----- 2,5 ptos - Utilización de enerxías renovables -----2,5 ptos	
3.3 Este criterio valorarase en función da súa incidencia sobre determinados colectivos. Estableceranse os seguintes: Minusválidos ----- 4 ptos Mulleres ----- 2 ptos Mocidade ----- 4 ptos Terceira idade----- 4 ptos	
3.4. Contratación do persoal da zona: <= 50% do total do emprego que sexa do territorio do programa ----- 7,5 ptos > 50% do total do emprego que sexa do territorio do programa ----- 15 ptos	

d) Regras para a asignación de porcentaxes de axuda pública.

		Non produtivos					
Produtivos		Prioridade Alta		Prioridade Media		Prioridade Baixa	
35	15,75%	25	25,00%	25	25,00%	25	25,00%
36	16,20%	26	26,00%	26	26,00%	26	26,00%
37	16,65%	27	27,00%	27	27,00%	27	27,00%
38	17,10%	28	28,00%	28	28,00%	28	28,00%
39	17,55%	29	29,00%	29	29,00%	29	29,00%
40	18,00%	30	30,00%	30	30,00%	30	30,00%
41	18,45%	31	31,00%	31	31,00%	31	31,00%
42	18,90%	32	32,00%	32	32,00%	32	32,00%
43	19,35%	33	33,00%	33	33,00%	33	33,00%
44	19,80%	34	34,00%	34	34,00%	34	34,00%
45	20,25%	35	35,00%	35	35,00%	35	35,00%
46	20,70%	36	36,00%	36	36,00%	36	36,00%
47	21,15%	37	37,00%	37	37,00%	37	37,00%
48	21,60%	38	38,00%	38	38,00%	38	38,00%
49	22,05%	39	39,00%	39	39,00%	39	39,00%
50	22,50%	40	40,00%	40	40,00%	40	40,00%
51	22,95%	41	41,00%	41	41,00%	41	41,00%

52	23,40%	42	42,00%	42	42,00%	42	42,00%
53	23,85%	43	43,00%	43	43,00%	43	43,00%
54	24,30%	44	44,00%	44	44,00%	44	44,00%
55	24,75%	45	45,00%	45	45,00%	45	45,00%
56	25,20%	46	46,00%	46	46,00%	46	46,00%
57	25,65%	47	47,00%	47	47,00%	47	47,00%
58	26,10%	48	48,00%	48	48,00%	48	48,00%
59	26,55%	49	49,00%	49	49,00%	49	49,00%
60	27,00%	50	50,00%	50	50,00%	50	50,00%
61	27,45%	51	51,00%	51	51,00%		
62	27,90%	52	52,00%	52	52,00%		
63	28,35%	53	53,00%	53	53,00%		
64	28,80%	54	54,00%	54	54,00%		
65	29,25%	55	55,00%	55	55,00%		
66	29,70%	56	56,00%	56	56,00%		
67	30,15%	57	57,00%	57	57,00%		
68	30,60%	58	58,00%	58	58,00%		
69	31,05%	59	59,00%	59	59,00%		
70	31,50%	60	60,00%	60	60,00%		
71	31,95%	61	61,00%	61	61,00%		
72	32,40%	62	62,00%	62	62,00%		
73	32,85%	63	63,00%	63	63,00%		
74	33,30%	64	64,00%	64	64,00%		
75	33,75%	65	65,00%	65	65,00%		
76	34,20%	66	66,00%	66	66,00%		
77	34,65%	67	67,00%	67	67,00%		
78	35,10%	68	68,00%	68	68,00%		
79	35,55%	69	69,00%	69	69,00%		
80	36,00%	70	70,00%	70	70,00%		
81	36,45%	71	71,00%				
82	36,90%	72	72,00%				
83	37,35%	73	73,00%				
84	37,80%	74	74,00%				
85	38,25%	75	75,00%				
86	38,70%	76	76,00%				
87	39,15%	77	77,00%				
88	39,60%	78	78,00%				
89	40,05%	79	79,00%				
90	40,50%	80	80,00%				
91	40,95%	81	81,00%				

92	41,40%	82	82,00%				
93	41,85%	83	83,00%				
94	42,30%	84	84,00%				
95	42,75%	85	85,00%				
96	43,20%	86	86,00%				
97	43,65%	87	87,00%				
98	44,10%	88	88,00%				
99	44,55%	89	89,00%				
100	45,00%	90	90,00%				
		91	91,00%				
		92	92,00%				
		93	93,00%				
		94	94,00%				
		95	95,00%				
		96	96,00%				
		97	97,00%				
		98	98,00%				
		99	99,00%				
		100	100,00%				

Os criterios empregados para a baremación fixéronse en base as características sociodemográficas do territorio da comarca.

PUNTUACIÓN POR CONCELLOS

CARACTERÍSTICAS DOS CONCELLOS

Fonte: IGE

A) INDICADOR MUNICIPAL DE RENDA DOS FOGARES (IMRF)

CONCELLO	IMRF	PUNTOS
Triacastela	106	0
Sarria	97	5
Samos	85	7.5
Láncara	88	7.5
Paradela	85	7.5
O Páramo	82	10
O Incio	88	7.5

B) CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS

CONCELLO	ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO	PUNTOS
Triacastela	233,6	8
Sarria	176,1	6
Samos	431	10
Láncara	292,2	8
Paradela	329,1	10
O Páramo	302,5	10
O Incio	583,50	10

C) CRITERIOS XEOGRÁFICOS

CONCELLO	ZONA DE MONTAÑA	REDE NATURA	ZONA DESFAVORECIDA	PUNTOS
Triacastela	7,5	2,5	-----	10
Sarria	-----	-----	7,5	7,5
Samos	7,5	2,5	-----	10
Láncara	7,5	-----	-----	7,5
Paradela	7,5	-----	-----	7,5
O Páramo	-----	-----	7,5	7,5
O Incio	7,5	2,5	-----	10

2.- MECANISMOS QUE GARANTAN OS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA.

A través deste programa o grupo cumprirá os mecanismos que se aplicarán para garantir os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrència nos procedementos de xestión e contratación.

3.- EQUIPO XESTOR.

A selección do persoal técnico do GDR Nº 6 deberase levar a cabo atendendo ós labores que estes van realizar no territorio, que basicamente atenden a dinamización do territorio, participación ca poboación, fomento de novas iniciativas, busca de proxectos, captador de promotores, divulgación do programa, análise e viabilidade socioeconómica dos proxectos....

En principio contéplase que o equipo esté formado por tres persoas:

- Un director/xerente, licenciado/a ou diplomado/a universitario
- Un técnico/a, enxeñeiro técnico agrícola ou forestal
- Un administrativo/a

O equipo respectará o principio de segregación de funcións imposto pola normativa FEADER.

4.- SEDE

A ubicación do GDR Os Sete Castros é o Antiga Cárcere, situada na Avda. da Merced nº 2 – 27600 Sarria (Lugo).

Este é un edificio de titularidade dos sete concellos que forman a comarca de Sarria, restaurado por distintas escolas obradoiro e que conta con distintos locais de diferente superficie para oficinas, salas de reunións, arquivos...

Dito edificio será cedido polos sete concellos da comarca para a súa utilización como sede do GDR 6.

A sede do GDR 6 será correctamente identificada a través da simboloxía e elementos que dicta a normativa Feader, así como do resto de normativa estatal e autonómica que se dicte a tal fin.

5.-PLAN DE DIFUSIÓN.

Despois de ter definido o programa, un dos puntos importantes é poñelo en coñecemento dentro da comarca. O que se busca é que a poboación coñeza as oportunidades e vantaxes que este programa presenta.

Para levar a cabo este proceso realizaranse as seguintes accións informativas según a seguinte orde cronolóxica:

No primeiro semestre de actividade do grupo:

- Dar a coñecer as súas instalacións e equipo técnico.
- Dar a coñecer a existencia do programa mediante charlas por concellos, sectores, parroquias... Informando, por un lado, das posibilidades que ofrece o programa e por outro dos requisitos de acceso as axudas.
- Realización de seminarios, facendo fincapé nos posibles promotores da comarca.
- Distribución de folletos informativos, dípticos, carteis... nos distintos concellos, asociacións, organizacións empresariais e sindicais, cooperativas, comercios, entidades agrarias de carácter asociativo, agricultores, gandeiros e servicultores, e o resto poboación a modo particular.
- Cuñas en prensa, radio e posibles medios de difusión local.
- Creación de páxina web, tanto propia do programa como acceso directo a través das páxinas dos concellos implicados.
- Bandos de alcaldía nos concellos.
- En xeral, o equipo xestor determinará en función do público obxectivo as vías de comunicación máis axeitadas para cada acción en concreto.

O responsable das estratexias de comunicación, os seus contidos e actuacións, será o equipo xestor seguindo as directrices da Xunta Directiva.

No resto do tempo de execución do programa se realizará un seguimento da eficacia das accións realizadas, así como a publicidade dos proxectos máis importantes levados a cabo.

A partir de aquí se realizarán accións puntuais que virán determinadas pola avaliación dos resultados obtidos no plan de difusión do primeiro semestre.



IV

**PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO GDR Nº6
“OS SETE CASTROS”**

PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO GDR Nº 6 “OS SETE CASTROS”:

Despois de levar a cabo unha serie de reunións, tomas de contacto... entre as distintas entidades dos sete concellos da comarca de Sarria, tiveron lugar as seguintes xuntanzas:

§ 11 Agosto, Casa da Cultura de Sarria, as 21:30 h - Coa seguinte Orde do Día:

- o Elección dos representantes das mesas sectoriais e proclamación de electos.
- o Xunto coa convocatoria enviada a todas as asociacións, achégaselles un listado coa distribución das asociacións por mesas, dando un prazo para efectuar as oportunas alegacións. Dentro da mesma tamén se lles notificaba un prazo para presentación de candidaturas as mesas sectoriais.

§ 13 Agosto, as 21:00 h - Primeira reunión da Xunta Directiva.

§ 19 Agosto

- o **9:00 h** - Concello de Sarria. Reunión dunha Técnica de AGADER coa Xunta Directiva, aclarando puntos sobre a elaboración do plan. Chegando a conclusión de que sería interesante contar coa axuda dos Axentes de emprego e desenvolvemento local dos distintos concellos da comarca ou no seu defecto poder contar con un representante por concello.
- o **21:00 h** - Concello de Sarria. Reunión da Xunta Directiva e os técnicos dos concellos.
 - Nesta xuntanza asínase a Acta de Constitución e Estatutos da Asociación “Os sete castros”, nome que se lle asigna o GDR Nº 6.
 - Concrétase tamén a colaboración dos técnicos dos concellos coa Xunta Directiva e as mesas sectoriais.

§ 28 Agosto, as 21:00 h - Concello de Sarria. Presentación polos técnicos dos concellos a Xunta Directiva do Estudo Socioeconómico da comarca.

§ 1 Setembro, na Casa da Cultura

- o **20.00 h** - Reunión da Xunta Directiva, técnicos dos concellos, técnica de AGADER e as distintas entidades que forman parte das mesas sectoriais. Na cal se resolven as dúbidas suscitadas coas medidas incluídas no Programa Leader 2007-2013.
- o **22:30 h** - Reunión por separado das distintas mesas sectoriais.

§ 3 Setembro, as 20:30h - na Casa da Cultura. Reunión de forma individual das distintas mesas sectoriais, coa finalidade de recoller as variadas propostas dos membros integrantes en cada unha delas.

§ 12 Setembro, as 21:00 h - na Casa do Concello de Sarria. Reunión da xunta directiva e os técnicos dos concellos para a presentación do Programa de Desenvolvemento do GDR “Sete Castros”.

METODOLOXÍA DE TRABALLO NAS MESAS.

Cada unha das mesas foi autónoma para establecer a forma de traballo, pero a dinámica foi parecida en cada unha delas. Empregaremos como exemplo unha das mesas sectoriais para relatar como foi o proceso.

Exemplo: Mesa Sectorial nº 12

- Nunha primeira reunión se aborda a problemática da comarca e se acorda abrir unha conta de correo. A contrasinal da conta se distribúe entre tódolos integrantes da mesa sectorial para que todos poidan ir aportando ideas.
- Se realiza unha segunda reunión, que se recorda por mensaxe de texto de teléfono móbil, para asegurar que todo o mundo coñece a cita, pois hai algunha entidade reacia a empregar o correo electrónico.
- Nesta reunión se consensúan diversos textos e ideas e se acorda plasmalo nun texto final de consenso.

Acompañase, como mero exemplo, algúns dos correos electrónicos enviados con propostas, acordos e desacordos...que deron como resultado a proposta final da mesa.